VALORACIÓNS SOBRE O PLAN ESTRATÉGICO

Falamos con Isidoro Hornillos, meses despois de rematar a etapa de 16 anos como presidente da FGA. Entre outras, refírese ao pasado proceso electoral, lembra momentos difíciles no cargo e valora as liñas xerais do Plan Estratéxico que elaborou.

Federación Galega de Atletismo

Conversa con Isidoro Hornillos

Todo o soporte gráfico incluído no documento foi aportado polo Departamento de Comunicación, procedente da base propia de imaxes e documentos da FGA ou de novas publicadas polos medios informativos.

© Marzo do 2023 Departamento de Comunicación da Federación Galega de Atletismo

Directorio do documento

A. As sensacións actuais

B. A limitación de mandatos

C. Iván Sanmartín: sucesor de Isidoro Hornillos

D. Os momentos de dificultade

E. Lembranza de Sergio Vázquez

F. O Plan estratéxico da FGA

G. Situación do Plan estratéxico da FGA

COMENTARIOS SOBRE O PLAN ESTRATÉXICO

1. Reforzar o tecido atlético de Galicia
2. Concienciar das necesidades de infraestruturas
3. Aumentar o nivel de rendemento
4. Promover o atletismo de base
5. Mellorar a oferta de competicións
6. Mellorar o atletismo participativo

1. Desenvolver aspectos lexislativos e normativos
2. Optimizara organización interna da FGA
3. Mellorar as relacións institucionais
4. Optimizar o control económico
5. Mellorar a comunicación da FGA
6. Difundir a historia do atletismo galego
7. Propiciar un atletismo integrador, inclusivo e solidario
8. Ampliar e mellorar a formación continua
9. Optimizar a práctica segura e saudable
10. A incorporación de avances tecnolóxicos

A | As sensacións actuais

Orgullo e satisfacción

Meses despois de rematar as túa etapa como presidente da FGA, ¿cales son as túas sensacións?

Estou moi orgulloso e satisfeito do traballo desenvolto e dos avances que tivo o atletismo galego. Sinto unha inmensa honra ter sido presidente da FGA. Tamén, moi agradecido a todos os estamentos polo gran caudal de confianza que sempre me concederon. Nestes anos todas as iniciativas que propuxen foron amplamente apoiadas polos órganos de goberno, sen que ningunha fora rexeitada.

Asemade, sinto unha profunda gratitude ao traballo e implicación dos membros, en xeral, que integraron a Xunta Directiva, Comisión Delegada, Asemblea Xeral e delegacións federativas, sen esquecer o gran esforzo feito polo persoal da FGA e a confianza recibida pola Real Federación Española de Atletismo.

Tamén quero resaltar o respaldo que nos brindaron as entidades públicas (Xunta de Galicia, Deputacións Provinciais, concellos e universidades) xunto aos patrocinadores privados, polo que tamén desexo amosar o meu agradecemento cara eles.

> *"Estou moi orgulloso e satisfeito do traballo desenvolto e dos avances que tivo o atletismo galego. Sinto unha inmensa honra ter sido presidente da FGA. Tamén, moi agradecido a todos os estamentos polo gran caudal de confianza que sempre me concederon"*

¿Por que non optaches á reelección?

Dende o primeiro día imprimín un ritmo moi alto ás miñas actividades de representación institucional, procurando darlle a máxima visibilidade á FGA. Sempre acudín as chamadas dos clubs, concellos, deputacións, Xunta, delegacións, RFEA, organizadores, universidades..., sen esquecer a miña habitual presencia nos Campionatos de Galicia e naquelas probas ás que me invitaban. E, por suposto, participar nas moitas xuntanzas co resto de estamentos, facer xestións... etc.

Pero cada ano que pasaba, lonxe de baixar o número de actividades, aumentaban os meus compromisos de forma moi significativa, tal vez porque sempre procurei ser moi accesible con todo o mundo, polo que as invitacións que recibía medraban sen parar.

Na actualidade, sigo conservando a mesma ilusión e paixón do primeiro día, con máis experiencia e coñecemento que nunca, pero me cansan os viaxes tan continuos. Algunhas persoas me aconsellaban non ir a tantos actos, pero non entendo outra forma de representar ao atletismo galego que non sexa coa máxima implicación. Non quero que o ritmo presidencial baixe o máis mínimo polo que optei por non presentarme á reelección, unha vez que fun consciente de que tería un relevo axeitado.

B | A limitación dos mandatos

Que os estamentos xulguen a xestión

¿Es partidario de limitar os mandatos?

En absoluto e moito menos en cargos presidenciais non remunerados, como acontece na meirande parte dos clubs e federacións deportivas. A mellor limitación é someterse ao veredicto democrático das urnas cada catro anos. E dicir, deixar sempre a última palabra aos estamentos que debes representar para que xulguen a xestión feita.

En España, e concretamente no atletismo, pero tamén en outros moitos deportes, hai presidentes de federacións autonómicas que levan varias décadas no cargo, moi formados e experimentados.

Pero, se a xente non está satisfeita coa xestión, posúe mecanismos dabondo para reaccionar. Por exemplo, confeccionando unha candidatura, votando en contra, presentando unha moción de censura ou impulsando a modificación dos estatutos, dentro do procedemento legal establecido.

Considero que a estabilidade dun equipo no tempo, responsable e competente, que siga unha folla de ruta planificada e consensuada, coma fixen no meu caso a través do Plan Estratéxico, xunto cun traballo diario, permiten colleitar logros moi importantes.

¿Como valoras o último proceso electoral da FGA desenvolto?

Síntome moi satisfeito. Desenvolveuse con absoluta normalidade, practicamente sen incidentes, do que me alegro moito. A Xunta Electoral fixo un excelente traballo, cumprindo o regulamento electoral con total garantías, polo que aproveito a ocasión para agradecer o seu esforzo. Asemade, os meus parabéns aos membros electos que integrarán a nova Asemblea Xeral da FGA e a súa Comisión Delegada.

"O preocupante é que o proceso electoral das federacións deportivas galegas sexa moi superior ao que se establece para a elección do presidente da Xunta de Galicia ou do goberno de España. Denota un intervencionismo desmedido e unha actitude do lexislador cara as federacións absolutamente inxustificado".

> *"Non teño dúbida de que a meirande parte da familia do atletismo galego é consciente do inmenso traballo que fixen nestes anos, valorando o esforzo, a paixón que puxen, os resultados colleitados e sabendo desculpar os erros cometidos"*

¿Sorprendeuche que só houbera unha única candidatura a presidencia da FGA?

Unha candidatura con certas opcións reais de gañar, que non sexa estrafalaria e que pretenda ser unha alternativa crible ao modelo de xestión, só xorde con forza e apoios cando dende a federación non se ofrecen proxectos, planificacións, ilusións, paixón, formación, responsabilidade e compromisos.

Pero todo iso está no ADN da actual FGA, polo que non me sorprende o máis mínimo, e me satisfai moito, que o novo presidente, Iván Sanmartín, xurda da que foi a Xunta Directiva que tiven a honra de presidir.

Supón, ademais, a constatación de que a FGA atópase na boa dirección, percorrendo unha senda de progreso, deseñada dentro do Plan Estratéxico que elaborei e que tense que ir actualizando na medida en que se vaian alcanzando obxectivos ou ben cambien as condicións que xustificaron as medidas ou accións.

Non teño dúbida de que a meirande parte da familia do atletismo galego é consciente do inmenso traballo que fixen nestes anos, valorando o esforzo, a paixón que puxen, os resultados colleitados e sabendo desculpar os erros cometidos.

“Iván é un home serio, responsable, formado e comprometido, polo que posúe todas as condicións para ser un excelente presidente da FGA.”

C | Iván Sanmartín, sucesor de Isidoro Hornillos

Preparado para facer unha magnífica xestión

Falando do teu sucesor, ¿que opinión te merece o novo presidente, Iván Sanmartín?

Coñezo a Iván dende que principiou en 1994 os estudos de Licenciado en Educación Física, no INEF de Bastiagueiro (Oleiros) e cursou unha das miñas materias. Dende entón mantemos unha magnífica relación de amizade. Nomeeille delegado federativo en Santiago no ano 2006, cando fun elixido por primeira vez presidente da FGA e na última lexislatura, asumiu tamén unha das vicepresidencias. Durante este tempo foi medrando en experiencia na xestión deportiva e coñecendo mellor o atletismo galego. Iván é un home serio, responsable, formado e comprometido, polo que posúe todas as condicións para ser un excelente presidente da FGA. Non teño dúbidas de que non vai a defraudar.

Pero tamén necesita axuda para desenvolver o cargo, como aconteceu no meu caso, polo que confío en que o amplo respaldo que sempre tiven na miña etapa ao fronte da federación a poda herdar Iván.

¿Futuro amateur ou profesional?

Considero que o futuro depende moito do factor humano, no que eu destacaría a formación, responsabilidade e compromiso. Unha vez asegurado iso, hai que tender á profesionalizar, en certas situacións. Pero, o voluntariado non pode desaparecer da sociedade. Por exemplo, o actual Sistema Deportivo Español non se podería soportar, sen o voluntariado. A cuestión é compatibilizar voluntariado e cualificación. Pero considero que, ao igual que o colectivo de xuíces recibe tarifas polas súas actuacións, os adestradores dos clubs tamén deberían telas. De feito xa acontece nalgunhas entidades.

Por suposto, digo o mesmo no caso dos atletas de alto nivel para que puideran cotizar á Seguridade Social, inda que para elo deben ter a consideración de deportistas profesionais, tal e como o establece o Real Decreto de 2003, cumprindo unha serie de requisitos.

Pero ese camiño da profesionalización debería contemplar o campo da xestión deportiva. Eu nunca tiven salario como presidente da FGA, tampouco quixen telo, ao contrario que outros presidentes de federacións autonómicas, pero recoñezo cas esixencias do cargo son enormes e se precisa dunha altísima dedicación, fins de semana incluídos.

Non é sinxelo compaxinalo co ámbito laboral, nin familiar, sobre todo nunha federación con tanta actividade como a FGA. No meu caso puiden facelo moi ben pola miña profesión de docente na Universidade da Coruña, pero creo que foi unha situación moi pouco habitual.

D | Os momentos de dificultade

A crese económica e a COVID-19

¿Cales foron os momentos mais difíciles na túa xestión?

A verdade é que aconteceron feitos de todo tipo nestes anos de presidencia. Os mais sentidos foron os finamentos de persoas coas que tiña moita amizade, sentimento e admiración, pertencentes a familia do atletismo galego. Eses son os mais importantes e os que mais lamento. Por desgracia, foron demasiadas as que nos deixaron neste tempo.

Pero, ao marxe delas, tiven que dirixir a FGA en dous momentos da historia moi complicados e, ademais, moi pretos un doutro: a crese económica iniciada no 2008 e provocando unha gran recesión durante anos, e recentemente a pandemia da COVID.

Estes feitos afectaron en moitos aspectos á xestión do deporte e non soamente a nivel económico.

En calquera caso, non tivemos mais remedio que adaptarnos a estas situacións imprevistas o mais rápido posible.

Como dirixente deportivo, me fixeron mais forte e as afrontei coa máxima paixón de sempre, xa que son optimista por natureza e medro ante as adversidades.

> *"Tiven que dirixir a FGA en dous momentos da historia moi complicados e, ademais, moi pretos un doutro: a crese económica iniciada no 2008 e provocando unha gran recesión durante anos, e recentemente a pandemia da COVID."*



¿Que efectos negativos tiveron para o atletismo galego estes feitos?.

A raíz da crese do ano 2008 houbo unha diminución moi drástica dos orzamentos do parlamento autonómico ao deporte galego, afectando aos convenios de todas as federacións deportivas galegas, incluída a FGA.

Foron momentos moi complicados e intensos, de reivindicación e loita coa clase política. Ademais, eu tamén presidía a Unión de Federacións Deportivas Galegas (UFEDEGA) e non foi sinxelo defender os intereses, á vez, da túa federación e do resto das federacións deportivas galegas.

Chegamos a reunirnos co presidente da Xunta de Galicia. Supoño que tampouco sería fácil para o Sr. Feijoo atender todas as demandas da sociedade galega, incluído o sector deportivo, e responder cun axeitado equilibrio orzamentario.

Por suposto, as empresas privadas tiñan tamén moitas dificultades na súa economía, como para destinar orzamentos ás federacións deportivas galegas ou clubs. Por elo perdemos varios patrocinios que había conseguido con relativa facilidade ao principio da miña andadura como presidente da FGA: SOGAMA, Caixanova, Mar de Couso... Etc.,

Considero que a subvención que recibe a FGA da Xunta de Galicia está moi por debaixo do que nos merecemos, tendo en conta os resultados y a enorme actividade desenvolta, en relación a o que destinan aos deportes colectivos. Sempre fun crítico co baremo utilizado pola Secretaría Xeral para o Deporte, tanto para as federacións como para os clubs. Incluso chegueino a publicar en medios de comunicación. Outra cuestión distinta, que teño que recoñecer, é que a inversión que fixeron nos últimos anos en infraestruturas atléticas "compensa", en parte, esta inxustiza, inda que pertencen a capítulos orzamentarios distintos.

La Voz de Galicia

EDICIÓN DE A CORUÑA 1,30 EUROS | DEPÓSITO LEGAL C-1821-1996 | Hoy A Coruña 23º/ 15º | Mañana 23º/ 16º | Pasado 23º/ 17º | NÚMERO 46.673 AÑO CXXXIX | MARTES 10 DE AGOSTO DEL 2021

Federación Galega de Atletismo

Extracto do artigo de opinión de Isidoro Hornillos:

"É preciso que os plans de patrocinio da Xunta de Galicia aos equipos de Alta Competición sexan diferenciados, atendendo a se pertencen a un deporte individual ou de equipo, **xa que os clubs das disciplinas individuais son os grandes prexudicados** cando se aplica un baremo común".

"Hai que complementar a política de instalacións co apoio aos Plans de Tecnificación das federacións galegas, **poñendo en valor aos adestradores** no seguimento aos novos talentos deportivos. Na actualidade isto non sucede, fóra do Centro Galego de Tecnificación, moi limitado en número de deportistas".

"O reto do fomento ao alto nivel precisa planificar os seguintes ciclos olímpicos con **plans específicos, deseñados desde a Xunta de Galicia coas federacións galegas**, e apoiados presupuestariamente"

Esta situación, unida ao feito de que a FGA duplicou a oferta de campionatos autonómicos, pasando de 19 ata mais de 40, entre o 2006 e 2022, orixinou un patrimonio neto negativo durante algún anos, como aconteceu na meirande parte de federacións deportivas españolas, como a propia RFEA.

ANO 2006	**CAMPO A TRAVÉS** Campionato Galicia Absoluto CT Campionato de Galicia Cross Curto Campionato de Galicia Máster Memorial Alejandro Lorenzo CT	ANO 2022 Campionato Galicia Absoluto CT Campionato de Galicia Sub18 e Sub16 CT **Campionato Galicia de Cross Relevos Mixto Clubs** Campionato Menores e M. Alejandro Lorenzo CT **Campionato de Galicia Máster CT** **Campionato de Galicia de Trail** **Campionato de Galicia de Montaña**
ANO 2006	**PISTA CUBERTA** Campionato Galicia Absoluto + P.Combinadas (Só Absoluto) Campionato Galicia Promesa e junior (Sub23 e Sub20) Campionato Galicia Xuvenil (Sub18) Campionato Galicia Cadete (Sub16) Campionato Galicia Máster	ANO 2022 Campionato Galicia Absoluto Campionato Galicia Sub 23 Campionato Galicia Sub 20 e Sub 18 Campionato Galicia Sub 16 **Campionato Galicia Sub 14-12-10** **Campionato Galicia Probas Combinandas** **Campeonato de Galicia Máster** **Copa de Clubs Absoluto** **Copa de Galicia Master** **Trofeo Inauguración Pista Cuberta** **Control Pista Cuberta** **Campionato Galicia Clubs P. Combinadas**
ANO 2006	**PISTA AIRE LIBRE** Campionato de Galicia Absoluto Campionato de Galicia Promesa e Junior (Coxunto) Campionato de Galicia Xuvenil (Sub18) Campionato de Galicia Cadete (Sub16) Campionato de Galicia Máster Campionato de Galicia Absoluto de Clubs Campionato de Galicia Junior Clubs Campionato de Galicia Cadete Clubs Campionato de Galicia Probas Combinadas (Absoluto) Criterium Galego saltos e Lanzamentos	ANO 2022 Campionato de Galicia Absoluto Campionato de Galicia Sub23 e Sub20 Campionato de Galicia Sub18 Campionato de Galicia Sub16 Cmpionato Galicia Sub14,12 e 10 Campionato de Galicia Master **Campionato Galicia de 5000 e 10000 m.** **Campionato Galicia Probas Combin. Absoluto e S23** **Campionato Galicia Lanzamentos Sub16-18** **Campionato Galicia Lanzamentos Largos** **Campionto Galicia Pentathlon Lanzam. Máster** **Campionato Galicia Clubs P. Combinadas (Menores)** **Campionato de Galicia de Marcha Inverno** Campionato Galicia Clubs Sub20 y Sub18 **Campionato Galicia Clubs Sub14-12-10** **Copa de Clubs Absoluto** **Copa de Clubs Máster**
ANO 2006	**RUTA**	ANO 2022 Campionato de Galicia de Maratón Campionato de Galicia de Media Maratón Campionato de Galicia de 10 km Campionato de Galicia de 5 Km Campionato de Galicia da Milla en Ruta Campionato de Galicia de 1 km Campionato de Galicia de Marcha en Ruta





"Fun consciente dos efectos de aumentar o número de campionatos de Galicia, nunha época na que a subvención da Xunta de Galicia baixou moito. Pero estaba absolutamente convencido de que podería reverter a situación, tal e como así foi. Sempre quixen mellorar a oferta de competicións aos atletas e clubs porque, en definitiva, é a esencia dunha federación. Na actualidade, a FGA esta absolutamente saneada, cun patrimonio neto positivo, sen ter que solicitar créditos bancarios, a pesar de contar co custo medio mais baixo das licencias de todas as federacións autonómicas de atletismo de España. Síntome moi orgulloso dixo."

¿Que recordos lembras da Licenza Deportiva Única

Basicamente que foi un atentado en toda regra do Goberno de España contra as competencias autonómicas que puxo en grave risco ao deporte das comunidades e ao seu tecido asociativo. Non se podía mirar para outro lado. Por elo convoquei unha xuntanza en Torrejón con todos os presidentes de federacións autonómicas de todos os deportes para organizar unha resposta coordinada e consensuada, por certo, invitando tamén ao Consello Superior de Deportes para que nos explicaran os motivos. Por suposto, non houbo representación do CSD.

Despois creouse a COFEDEA (Confederación de Federacións Deportivas Autonómicas), da que fun o seu portavoz, integrada por todas as Unións e Asociacións de Federacións Deportivas Autonómicas do estado español.

Tivemos que chegar ata o Parlamento de España para entrevistarnos cos grupos políticos; remitir un escrito ao presidente do goberno de España e desenvolver moitísimas xuntanzas.

Neste proceso todos os compañeiros da Xunta Directiva da UFEDEGA tamén estiveron loitando moito contra o enfoque de Licenza Deportiva Única que nos querían impoñer.

O importante é que, finalmente, o goberno tivo que desistir das súas intencións nos termos iniciais pretendidos. Pero lémbrome que houbo que facer moita presión.

> *"Por elo convoquei unha xuntanza en Torrejón con todos os presidentes de federacións autonómicas de todos os deportes para organizar unha resposta coordinada e consensuada, por certo, invitando tamén ao Consello Superior de Deportes para que nos explicaran os motivos. Por suposto, non houbo representación do CSD."*

Xunta Directiva da UFEDEGA

Isidoro Hornillos
Atletismo

Gustavo Falqué
Fútbol

Mario Muzas
Judo

Paco Villanueva
Triatlón

Víctor M. Maiztegui
Aeronáutica



Paco Martín
Baloncesto

José Luis Pérez
Balonmano



Javier Nogueira
Caza

Juan Carlos Muñiz
Ciclismo

Carmen Barro
Kárate

Carlos Bremón
Natación

Alberto Arufe
Orientación

Fredi Bea
Piragüismo

Juan Carlos Eiriz
Taekwondo

José Ángel Luna
Voleibol

Aparte destas etapas de dificultade ¿que momentos positivos destacarías?

En 16 anos hai moitos feitos positivos que me provocaron grandes alegrías, tanto a nivel deportivo, desfrutando dos éxitos dos atletas e clubs, como na parcela da xestión deportiva, cando vanse cumprindo as medidas previstas.

¿Tiveches que tomar decisións difíciles?

Por suposto. Son inherentes ao cargo, pero si eu estaba convencido de que eran beneficiosas para o atletismo galego, xamais me preocupou nin "que dirán" nin as críticas e moito menos as presións. Iso si, procuraba xustificar con detalle as decisións. En calquera caso, sempre estimulei o dialogo e a conciliación, pero tendo moi claro que non me elixiron presidente da FGA para que defendera os intereses de ningún organismo público nin empresa privada.

Pero algunhas decisións foron dolorosas, sobre todo cando tiven que cesar a persoas nas funcións que estaban desenvolvendo.

> *"Sempre estimulei o dialogo e a conciliación, pero tendo moi claro que non me elixiron presidente da FGA para que defendera os intereses de ningún organismo público nin empresa privada."*

E Lembranza de Sergio Vázquez

Unha relación que se mantivo no tempo

¿Como eran as relacións co anterior presidente Sergio Vázquez?

Moi boas. Sergio era o meu amigo, o meu compañeiro, o meu confidente. Falábamos o mesmo idioma porque tiñamos moitas cousas en común. Afrontamos xuntos gran cantidade de vivencias na xestión da FGA, de todo tipo e durante décadas. Semanas antes de finar, estivo no Gran Premio Internacional Cantones e que leva o seu nome. Alegreime moito de que así fora, porque foi unha das súas grandes obras.

> *"Sergio era o meu amigo, o meu compañeiro, o meu confidente. Falábamos o mesmo idioma porque tiñamos moitas cousas en común"*

Cando o visitaba faciamos un repaso á situación do atletismo galego. Sentín profundamente a súa morte. Deixa a unha gran familia e unha enorme cantidade de persoas que o queriamos. Particularmente, aprendín moitas cousas ao seu carón. Fixemos un tandem moi eficaz, porque nos complementábamos.

¿Como iniciaches a túa etapa federativa, despois de ser atleta?

Cando regresei de Madrid, a finais de 1986 foi Jorge Doncel, histórico atleta, presidente da Federación Coruñesa naquela época e unha persoa con grandes valores, quen ofreceume ser Director Técnico. Aceptei e foi ao ano seguinte cando Sergio, que tamén era moi amigo de Jorge Doncel, quixo que eu asumira a Dirección Técnica da FGA, tras unha etapa na que estiveron nese posto dous referentes no atletismo galego, como Alfonso Ortega e máis tarde o compostelán Suso Alonso, finado no 2015.

¿Que lembranzas conservas desa etapa federativa, como Director Técnico?

Obviamente son moitos recordos, pero basicamente que coñecín aspectos do atletismo dende outra perspectiva distinta á que eu tiña como atleta. Esa etapa axudoume moito para adquirir experiencia, formación e coñecer profundamente ao atletismo galego. Anos máis tarde, todo isto foi decisivo cando asumín a presidencia da FGA.

Tamén que, a nivel de xestión, tiven a sorte de tratar moito con magníficas persoas. Entre outras, Manuel Rodríguez "Palelas", Eleuterio García, Manuel Teijeiro Valledor, Ricardo Monzón, José María López del Río, Jenaro Graña, Ramón Tasende, Manolo Mora..., todos eles históricos do atletismo galego dos que tamén aprendín e sigo aprendendo.

Desgraciadamente, "Palelas" finou en 2021, cerrando unha etapa extraordinaria, de traballo descomunal e liderazgo desenvolto en Lugo durante décadas. O mesmo digo de Jenaro Graña, que foi Secretario Xeral da FGA con Sergio durante moito tempo e que morreu en 2016, dous anos despois de que o fixera o coruñés Jorge Doncel (2014).

Concello de
LUGO
ESTADIO MUNICIPAL
GREGORIO PEREZ RIVERA

¿Houbo moitos cambios nestes anos de presidencia cos colaboradores?

Neste percorrido de 16 anos acontecen moitas circunstancias. A gran maioría das persoas non estiveron todo o tempo asumindo responsabilidades na FGA, agás algunhas que me acompañaron dende o principio ata o final. Por exemplo, Ramón Tasende; Manolo Mora, Ángel Fidalgo, Iván Sanmartín, Raimundo Fernández, Santiago Ferrer, Dolores Rojas, Claudio Hornillos, Luís Gómez Fiaño, Benito Martín, Santi Novo



¿Que persoas asumiron os postos “estatutarios” ao principio da túa presidencia?

Victor Arufe desempeñou con gran eficacia o cargo de Secretario Xeral da FGA cando principiei a miña andadura como presidente. Mantívose no posto durante 10 anos, ata que pediume o relevo para dirixir os seus pasos profesionais cara a docencia universitaria.
Practicou atletismo, como tamén o seu pai, e tiven moi claro que era a persoa idónea para desempeñar o cargo de Secretario Xeral da FGA. Non me equivoquei.
O Dr Víctor Arufe, que é moi metódico, organizado e cunha gran capacidade de traballo imparte docencia na actualidade na Universidade da Coruña, aparte de liderar moitos proxectos universitarios e sociais. Teño un recordo extraordinario de Victor e alégrome moito dos seus éxitos.

Dolores Rojas xa estaba no equipo laboral de Sergio Vázquez e foi a persoa que nomeei presidenta do Comité Galego de Xuíces. Ela tamén foi atleta de probas de velocidade e tiña unha ampla experiencia como xuíza de atletismo. Estivo no posto varios anos facendo unha gran labor ata que sucedeuna Eloy Bretal.
Posúe a licenciatura en Psicoloxía e ten o Máster en Xestion de Entidades Deportiva pola Universide de Vigo.
Laboralmente segue vinculada á FGA e na actualidade Dolores é unha das xuízas con maior experiencia en todo o mundo e cun curriculum magnífico, xa que estivo, entre outras competicións internacioanis, en nada menos que tres Xogos Olímpicos

Marcos Seijo foi o primeiro Director Técnico, baixo a miña presidencia. Aparte da súa formación de licenciado en Educación Física, tiña moita experiencia como atleta fondista con MMP de 13’45” e 28’50 en 5.000 e 10.000 metros.
Posúe tamén o grao de doutor e na actualidade imparte docencia na Universidade de Greenwich en Londres. Marcos estivo na FGA dende 2007 ata 2011, facendo un gran traballo.
Despois, tomou o relevo o Dr. Pepe Tumil, compañeiro docente na miña facultade. A continuación a Dra Madó González, profesora na actualidade da Univeridade da Coruña. Por último, Carlos Castro, licenciado en Educación Física e que sigue exercendo o cargo co presidente da FGA Iván Sanmartín.

Como dixen antes, houbo momentos que tiven que tomar decisións difíciles e dolorosas, pero estou moi agradecido da gran axuda que sempre tiven das diferentes Xuntas Directivas, delegados da FGA e do persoal laboral da FGA.

Durante estes 16 anos, fixeron moitos servizos ao atletismo galego nunhas épocas moi complicadas a nivel social.

Alégrome que, tanto nas delegacións como na Xunta Directiva, haxa persoas que continúan con responsabilidades co actual presidente da FGA.

Paulino Cartelle
Delegado Ferrol

David Ferrer
Delegado Pontevedra

Ángel Fidalgo
Delegado Ourense

Miguel Martínez
Delegado Vigo

José Rodríguez Peña
Delegado Lugo

Manuel Rodríguez
Delegado Barco

Xunta Directiva da FGA

Isidoro Hornillos Baz
Presidente
Comunicación

Eladio Gómez Rosales
Vicepresidente 1º
Estamentos Atléticos

Ramiro Cillero Varela
Vicepresidente
Área Deportiva

Iván P. Sanmartín Carreira
Vicepresidente
Estructura Territorial e Trail

Ramón Tasende Díaz
Vicepresidente
Área Formación

Jesús Vázquez Tallón
Vicepresidente
Institucións e Social e Deporte Escolar

José Antonio Álvarez Pérez
Vogal: Clubs

Teresa Castro Vilaverde
Vogal: Seguridade sanitaria

David Ferrer Fernández
Delegacións

Santiago Ferrer Moreira
Vogal: Adestradores

José David García Arcos
Vogal. Instalacións

Diego González Martínez
Vogal. Atletismo Máster

Juan Guerrero Pascual
Vogal: Economía

Rosa Sierra Palmeiro
Vogal: Atletas

Miguel Soto Castiñeira
Vogal. Selección Galega

Carmen Torres Castiñeira
Vogal: Xuíces

Sen dereito a voto:

Carlos Castro Vicente
Secretario Xeral

Yolanda González Fernández
Tesoureira da FGA

OURENSE TERMAL
ATHLETICS MEETING
DEPUTACIÓN OURENSE
25 AÑOS
GONZÁLEZ
BALTAR
BLANCO
HORNILLOS
FAÍLDE
PÉREZ
FIDALGO

F | O Plan Estratéxico da FGA

Unha ferramenta que funciona

¿Como valoras o Plan Estratéxico?

Foi determinante na miña xestión porque durante estes últimos anos o Plan Estratéxico da FGA nos permitiu desenvolver unha organización metódica, participativa e racional.

Sempre procurei evitar accións que non respondan a unha planificación realista e perfectamente deseñada. Os resultados colleitados e a tranquilidade de ter moi meditada a folla de ruta me permiten afirmar que a valoración do Plan Estratéxico é altamente positiva.

No Plan Estratéxico están integrados seis eixes estratéxicos e nove eixes transversais que sustentan a propia misión da FGA e que teñen plena sintonía co que eu cualifico como a "Atención Primaria" no atletismo galego.

Nas catro veces nas que aspirei á presidencia da FGA presentei previamente un Plan Estratéxico. Co paso dos anos foise modelando e adaptando á nova realidade do atletismo galego.

Sempre procurei impulsar o debate con quen tivera interese en falar e intercambiar opinións. Por ilo, invitei a todos os estamentos do atletismo galego a que fixeran propostas. Ademais mantiven xuntanzas en todas as delegacións da FGA en cada unha das campañas electorais, ao marxe do Foro Atletismo Galego que tamén impulsei. En consecuencia, foi un plan aberto ás aportacións dos atletas, clubs, adestradores, xuíces e directivos, sumamente participativo.

> *"Durante estes últimos anos o Plan Estratéxico da FGA nos permitiu desenvolver unha organización metódica, participativa e racional. Sempre procurei evitar accións que non respondan a unha planificación realista e perfectamente deseñada."*

G Situación actual do Plan Estratéxico

Feitos e opinións

¿Que destacarías do Plan Estratéxico?

Destaco todas e cada unha das máis de cen medidas que o integran e que de derivan dos seis eixes estratéxicos e nove transversais. Por suposto, todos eles gardan unha estreira relación, sendo vasos comunicantes e non compartimentos illados. O deseño sempre comeza cun profundo análise da situación, o que nos permite establecer os obxectivos, e o deseño das accións. En función dos resultados, se establecen novos obxectivos, provocando unha retro alimentación do sistema.



1 Reforzar o tecido atlético de Galicia

> *Síntome moi orgulloso de que no período 2008-2022 a cantidade de licenzas foi medrando cada ano.*

¿Cal foi a evolución cuantitativa nestes anos do estamento de atletas?

O número de atletas federados en Galicia aumentou un 541% durante as últimas catro lexislativas. Síntome moi orgulloso de que no período 2008-2022 a cantidade de licenzas foi medrando cada ano. Pero ese crecemento non soamente foi cuantitativo senón cualitativo. Para facilitar o incremento de federados, fixemos varias campañas publicitarias, desenvoltas nas propias redes sociais da Federación Galega de Atletismo coa inestimable participación de atletas galegos de primeiro nivel, moi coñecidos, a quen agradezo a súa colaboración.

O 75% de todas as licenzas actuais corresponden ás categorías S20 e inferiores e nesas franxas de idades a distribución correspondente ás mulleres é do 51% por 49% dos homes, polo que alcanzamos a paridade.



Pero tamén teño que poñer en valor o incremento exponencial que aconteceu no atletismo galego no número de licenzas de día. Antes de pandemia tiñamos unhas 65.000 pero moi probablemente nos vindeiros meses se poidan mellorar estes datos, co recobro da normalidade deportiva.



¿Un aumento do número de clubs orixina un incremento do número de atletas?

En xeral si, porque o porcentaxe de atletas independentes é moi pequeno. Por elo, o aumento do número de clubs de atletismo en Galicia tamén foi moi significativo xa que segue medrando ano a ano e xa estamos preto dos 150. Supón un incremento superior ao 200% dende o ano 2008.

Os clubs atópanse repartidos por toda a xeografía galega. De feito o 70% das comarcas galegas teñen, polo menos, un club de atletismo. Outro dato importante é que máis do 72% da poboación galega, ten, polo menos, un club de atletismo no seu concello de residencia.

A distribución do número de clubs galegos, segundo o ámbito xeográfico da Delegacións da FGA está encabezado pola de Santiago, e moi cerca a de Vigo e Pontevedra. No extremo oposto atopase a de Ferrol con 5 clubs, pechando este ránking.

Por outra banda, o número de licenzas mais alto corresponde ao Club Atletismo Sada, con 441 licenzas (datos da tempada 2021), seguido polo Club Deportivo La Purísima (Ourense) con 413 licenzas. A media estatística dos clubs galegos é de 70 licenzas.



DELEGACIÓN	Nº CLUBS
A Coruña	14
Ferrol	5
Santiago	25
Lugo	20
Ourense	15
Pontevedra	22
Vigo	24

¿Sucede o mesmo no caso dos adestradores?

O número de adestradores é tamén ascendente nas últimas tempadas, alcanzando na actualidade os 130, inda que, a raíz do inicio do funcionamento do Centro de Ensino Atletismo Galego (CEAGA), este número aumentará non vindeiros anos.

Pero, aparte da cantidade de técnicos, a calidade, experiencia e resultados que están colleitando son moi importantes. Non pretendo agora falar de todos eles, pero, por citar só aos que tiveron algún deportista olímpico, na historia do atletismo galego, salvo erro pola miña parte, hai nada menos que sete adestradores que conseguiron este nivel: Raimundo Fernández, Alfonso Ortega, Julio Rodríguez Granja, Carlos Landín, Oliva Román, Antonio Fernández (finado) e Javier de Medrano.

Como acontece en outras comunidades o perfil de estes técnicos é moi variable. Dende adestradores que fomentan a base, na meirande parte das probas atléticas, ata o especialista nun sector determinado. A FGA ofreceu a todos eles poder integrarse voluntariamente no Plan Galego de Tecnificación.

Tamén é importante salientar que atópanse moi repartidos por toda a xeografía galega, pero con maior presencia no entorno das sete grandes cidades galegas.

¿En relación aos xuíces?

A cantidade de xuíces que hai en Galicia é de 263, incluídos os auxiliares. Practicamente este número é bastante estable nos últimos anos.

O nivel dos xuíces galegos é recoñecido fora da nosa comunidade. Por exemplo, das 21 edicións celebradas sobre a distinción de Mellor Xuíz/a de España, outorgada polo Comité Nacional de Xuíces (CNJ) da RFEA, hai catro xuíces galegos: Dolores Rojas (2002); Jorge Blanco (2011); Ángel López Montesinos (2012) e Manuel Garrido (2021).

Pero tamén contamos con outros catro ´galegos que foron elixidos Mellor Xuíz Novel de España polo CNJ en 14 edicións: Guillermo Sandino (2015); Anxo Pérez (2016); Rubén Martínez (2020) e Estefanía Acuña (2021).

Por certo, a finais do 2022, tiven ocasión de asistir na Coruña á entrega da prestixiosa Placa Juan Sastre que concedeuse ao coruñés Jorge Blanco, segundo galego na súa historia, despois de Ramón Docal que tivo o recoñecemento no ano 2093. Desta forma se valora a dilatada e impecable traxectoria de Jorge, principiada en 1982.

Aparte de actualizar recentemente os uniformes do CGX, a tempada pasada defendín ante a Asemblea Xeral da FGA unha importante subida das tarifas de arbitraxe. O gran aumento do número de licenzas de atletas obriga a ofertar mais xornadas competitivas, sobre todo de pista, e non sempre se conseguen formar os xurados mínimos necesarios.

2 Concienciar necesidades de infraestruturas



"Coas actuacións xa feitas e cos proxectos que se atopan cos respaldos orzamentarios xa aprobados o investimento en infraestruturas atléticas supera os 23 millón de euros".

Neste eixe, cales son os momentos determinantes no teu caso?

Unha parte moi importante das miñas xestións como presidente foi prestar atención a este aspecto tan decisivo para o atletismo galego. A FGA, non posúe entre as súas competencias e orzamentos capacidade para acometer reformas ou construcións de recintos atléticos, pero debe defender e pronunciarse sobre as necesidades que teñen os seus estamentos nesta materia. Dita capacidade corresponde a aquelas entidades públicas con competencias en materia deportiva, ao marxe da posible colaboración doutras institucións de carácter nacional ou mesmo tecido empresarial privado.

Un momento clave inicial aconteceu no ano 2009 cando formei unha comisión integrada por clubs, adestradores, atletas, xuíces e presidida por min, para estudar as prioridades máis básicas de instalacións atléticas en Galicia. As conclusións, aprobadas despois pola Asemblea Xeral, foron remitidas á Xunta de Galicia, deputacións, concellos e universidades. A partir dese momento, e co respaldo asembleario, fixen todas as presións que puiden a todas aquelas entidades galegas con competencias en materia deportiva.

Lémbrome que fixemos unha proposta con carácter xeral (indicada na páxina seguinte) e peticións máis específicas, tras un necesario e útil debate no seno da Asemblea Xeral. Coas actuacións xa feitas e cos proxectos que se atopan cos respaldos orzamentarios xa aprobados o investimento en infraestruturas atléticas supera os 23 millón de euros, cifra relevante, tendo en conta ademais que a época coincide coa crese orzamentaria e mais tarde coa do COVID.

Posiblemente esqueza algún dato, pero houbo actuacións en diversos concellos das catro provincias galegas, dende a máis custosa, como foi a Pista Cuberta de Expourense, ata outras moito mais modestas. Os orzamentos tamén foron aportados pola Xunta de Galicia, Deputacións, municipios galegos e algo as universidades. Pero lémbrome que houbo algunha actuación, por exemplo as pistas de Tui (652.169 euros) que foron sufragadas, aparte do concello e deputación provincial, polo Goberno de España a través do Plan E, que tiña o obxectivo de impulsar a actividade económica do país, tras a profunda crese económica.

ALGUNHAS ACTUACIÓNS FEITAS E PLANIFICADAS EN ESTADO AVANZADO

- 2023 (Avanzado) Estadio Municipal de O Cervo (Lugo). Construción
- 2023 (Avanzado) Estadio Municipal de San Lázaro. Reforma
- 2023 (Avanzado) Estadio A Estrada e Módulo Cuberto. Construción
- 2023 (Avanzado) Módulo descuberto de Ames. Construción
- 2023 Estadio Universitario de Santiago. Reforma integral
- 2023 (Avanzado) Módulo Cuberto de Ribeira. Construción.
- 2023 Módulo Cuberto do IFEVI. Construción.
- 2022 Estadio Municipal da A Malata Reforma parcial
- 2022 Recta e foso de saltos no concello de Negreira. Construción
- 2022 Estadio Municipal da Narón Reforma parcial
- 2021 Estadio a Alta da Pobra do Caramiñal. Reforma
- 2019 Pistas Municipal de Porriño. Construción.
- 2019 Complexo municipal de lanzamentos (Ordes). Construción con gaiola.
- 2019 Pistas das Canteiras (Cuntis). Compra de material.
- 2019 Pistas de Barallobre (Fene). Ceniza
- 2019 Estadio Municipal de Narón. Arranxo de fosos e repintado
- 2018 Estadio Universitario de Elviña (A Coruña). Reforma.
- 2018 Estadio Municipal de San Pedro (Marín) Reforma.
- 2017 Pista Cuberta de Expourense (Ourense). Construción.
- 2017 Pista de atletismo de Tomiño.
- 2016 Estadio Municipal de Cambados. Acondicionamento
- 2015 Estadio Pereiro de Aguiar da Xunta de Galicia. Reformas.
- 2015 Estadio Municipal de Balaídos (Vigo). Reformas sintético e pintado
- 2015 Módulo cuberto de A Malata (Ferrol). Repintado y reparación
- 2015 Estadio do Centro Galego de Tecnificación (Pontevedra). Reforma 2ª parte
- 2014 Estadio do Centro Galego de Tecnificación (Pontevedra). Reforma 1ª parte
- 2012 Módulo Cuberto (Lugo). Construción
- 2011 Estadio Cidade Cultural de Lugo. Reforma.
- 2011 Estadio Municipal de Balaídos (Vigo). Reforma.
- 2011 Pistas de Atletismo de Tui. Construción.
- 2011 Estadio do Campus Universitario (Ourense).
- 2010 Estadio Municipal de A Mata (O Rosal). Construción
- 2010. Pista Municipal de Moaña. Construción

ASEMBLEA XERAL DA FGA: 13/02/2010

Proponse, con carácter xeral

1. **Que se optimicen** ás instalacións xa existentes para a práctica atlética, antes de acometer a construción de novas pistas atléticas. Xustifícase polo feito de que non todas as inversións feitas con anterioridade acadaron a rendibilidade deportiva prevista. Exemplos: Estadio Multiusos de Santiago; pistas de Cee ou Estadio de Monforte de Lemos, que na actualidade seguen sen poder albergar competicións oficiais por non estar homologadas, debido a irregularidades ou carencias na súa construción.

2. **Que se asine** un convenio de colaboración ou formato equivalente entre a Secretaría Xeral para o Deporte e os propietarios das instalacións atléticas de Galicia (concellos e universidades), antes de acometer calquera intervención da administración autonómica nesas pistas, no que se asegure:
   - O dereito do colectivo de atletismo a desenvolver os adestramentos diarios e durante os fins de semana, conforme ás normas de utilización da instalación establecidas polo seus propietarios.
   - O dereito da Federación Galega de Atletismo de celebrar competicións oficiais, tanto federadas como escolares, con carácter prioritario sobre outros deportes ou colectivos e, de forma especial, as correspondentes as propias funcións públicas delegadas (campionatos de Galicia e Selección Galega).
   - O compromiso do concello ou universidade de equipar a instalación co material atlético específico, que deberá ser relacionado no convenio de colaboración.
   - O compromiso do concello ou universidade de aportar o persoal necesario diario para o control de usuarios, mantemento e apertura da instalación.

PATROCINADORES OFICIAIS
caixanova
PROVEEDOR
Centro de Especialidades Médicas Hospital Santa Teresa A Coruña

Federación Galega de Atletismo
Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net. Páxina Web: http://www.atletismogalego.org – 15008 – A CORUÑA
XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE
Dirección Xeral para o Deporte

   - O compromiso do concello de poñer en funcionamento unha escola de atletismo municipal, dirixida por persoal técnico cualificado.
   - O compromiso do concello ou universidade de organizar e/ou patrocinar anualmente un mínimo de competicións dirixidas á promoción da práctica do atletismo.

2. Que á Secretaría Xeral para o Deporte interveña de forma prioritaria, en materia de infraestruturas atléticas, naquelas zonas:
   - Que dispoñan do suficiente teido deportivo (adestradores, clubs e colectivo de atletas) e
   - Que teñan amosada unha actividade atlética constante durante os últimos anos. A experiencia indica de que, en caso contrario, existe risco de que a inversión non sexa produtiva.

3. Que, como norma xeral, as actuacións da Secretaría Xeral para o Deporte, Deputacións, Concellos ou Universidades diríxanse cara un modelo integral de espazo atlético que contemple tres elementos básicos:
   - Unha pista de atletismo, con corda
   - Un ximnasio e
   - Un módulo coberto, complementado, entre outros, por unha zona para os lanzamentos largos, banoadas, vestiarios, almacén material, torre de vídeo finish e secretaría da competición.

PATROCINADORES OFICIAIS
caixanova
PROVEEDOR
Centro de Especialidades Médicas Hospital Santa Teresa A Coruña

¿Que efectos tiveron as peticións específicas que se aprobaron nesa Asemblea?

Un aspecto que considero moi relevante foi o de concienciar da necesidade de apostar en Galicia por módulos cubertos. De feito dende entón houbo avances nese sentido. Por exemplo, se fixo o de Lugo, financiado pola Deputación Provincial sendo vicepresidente Antón Bao. Outro, na Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física (Oleiros) e tamén no Estadio da Malata en Ferrol, estes dous últimos non homologados e que complementan ao do Pavillón dos Remedios en Ourense.

Asemade se fixo o módulo do IFEVI en Vigo, recentemente inaugurado, e nos vindeiros meses estará listo o de Ribeira. Apartes destes, tamén reformouse o módulo que se atopa debaixo das bancadas do Estadio de fútbol de Balaídos en Vigo, inda que sen homologar.

Certo é que a petición da Asemblea foi que se fixeran módulos tamén en O Barco de Valdeorras (de feito existe un proxecto municipal), no Centro Galego de Tecnificación Deportiva de Pontevedra e no Estadio de Balaídos en Vigo (recinto atlético).

Outro logro importante, no ámbito das instalacións baixo teito aprobadas pola Asemblea Xeral foi a construción da Pista Cuberta que representou unha auténtica odisea.

No ano 2023 debería estar rematada xa a pista. Aparte de concello (472.000 euros), participa nese proxecto a Deputación Provincia de Pontevedra con 858.000 euros. Elo sen contar os 200.000 euros de acondicionamiento previo de terreo que asume tamén o concello. En total, suporá un custo de 1,32 millóns de euros. O módulo, nunha segunda fase, custará 2 millón e será repartido ao 50% entre concello e Xunta. Suporá un gran avance para o atletismo.

FARO DE VIGO

ES DEPORTES › DEPORTES DEZA MORRAZO AROUSA OURENSE PONTEVEDRA

ATLETISMO

Reunión de trabajo de Isidoro Hornillos y José López Campos en A Estrada

Redacción | A Estrada

18·01·19 | 02:42

FARO DE VIGO

DEZA-TABEIRÓS › MORRAZO PONTEVEDRA AROUSA OURENSE SOCIEDAD CONCELLOS GALICIA

Concello y federación tratan la construcción de unas pistas de atletismo en A Estrada

El presidente del atletismo gallego, Isidoro Hornillos, ofrece su apoyo total a la iniciativa planteada por los clubes del municipio -El dirigente felicitó a las escuelas por su trabajo

FARO DE VIGO

DEZA-TABEIRÓS › MORRAZO PONTEVEDRA AROUSA OURENSE SOCIEDAD CONCELLOS GALICIA

A Estrada aguarda las pistas de atletismo para el mes de abril

El proyecto para el módulo anexo ya está finalizado y será remitido en breve a la Xunta para poder licitar las obras este año

Lois Docampo

A Estrada | 20·09·22 | 20:27

PUBLICIDAD

Google ha cerrado el anuncio

¿Como foron os contactos con Lalín?

Xa dixen anteriormente que, como presidente da FGA, sempre acudía a aquelas xuntanzas nas que podería tomarse decisións importantes para o futuro do atletismo galego. Facer unhas pistas nun municipio sempre é algo moi relevante.

Lémbrome que no ano 2020 chamoume Xosé Crespo, naquela época candidato do Partido Popular para recuperar a alcaldía de Lalín.

Díxome que quería que estivera presente na presentación dun proxecto que defendería se conseguía gañar as eleccións municipais.

Respondín que contara comigo, pero que tivera claro que, se ao día seguinte me chama calquera outro grupo do mesmo municipio para un tema similar, igualmente acudiría.

Cando dirixiuse aos medios de comunicación presentes no acto, aclarou perfectamente a miña postura.

O proxecto presentado corresponde á construción dunha pista sintética de 400 metros nunha zona deportiva adxacente ao pavillón multiusos Lalín Arena.

Polo que me consta, se precisa a consecución de terreos por parte do concello. O actual alcalde, Xosé Crespo, informou publicamente que están en marcha negociacións coa familia propietaria e que tiñan un "principio de acordo".

A superficie imprescindible para desenvolver o proxecto se sitúa en torno aos 50.000 metros cadrados, inda que están intentando que sexa o dobre.

Explicou que, despois de conseguir os terreos, nunha primeira fase inicial, faría unas pistas de ceniza e despois viría a colocación da capa sintética

DIARIO DECANO DE LA PRENSA NACIONAL

FARO DE VIGO

Precio: 1,10 € Director: Juan Carlos Da Silva

La primera piedra de la pista de atletismo de Lalín

Crespo garantiza que este año se habilitará el crédito para una infraestructura que precisa una modificación del plan urbanístico

Alfonso Loño

Lalín | 20·03·21 | 04:01

Crespo y Souto se citaron con Hornillos y con Agulló en el consistorio.

¿No caso de Negreira ¿como foi a xestión desa recta con foso de saltos horizontais?

Fun consciente da situación que tiñan os menos e nenas do Club Atletismo Negreira para adestrar cando o seu presidente e adestrador, José Manuel García Estévez, que está facendo unha gran labor, mo mostrou nunha visita que fixen. Vin o foso de saltos nos que se preparaba a triplista Alba Cuns. Pareceume moi defectuoso o estado na que tiña que saltar toda unha promesa do atletismo galego, xunto aos seus compañeiros.

Fixen unha referencia reflexiva na miña páxina persoal de Facebook, tras o éxito olímpico de Ana Peleteiro. Ao día seguinte, chamoume o alcalde de Negreira, Manuel Ángel Leis, para que puideramos falar e buscar solucións.

Quedamos no consistorio municipal e explicoume con detalle como estaba un proxecto impulsado polo concello dunha pista sintética de 200 metros, presentada por el mesmo ao Secretario Xeral para o Deporte, José Ramón Lete, e Deputación Provincial da Coruña.

Pola miña parte, comentei que a FGA, dentro dos orzamentos do Plan Galego de Tecnificación, e tendo en conta que un dos núcleos oficiais era o propio Club de Atletismo Negreira, podería poñer o sintético, como unha cesión provisional á espera de que se realice o outro proxecto, que evolucionou cara un módulo descuberto. Alcanzamos un acordo. O municipio de Negreira faría a recta de formigón nun lateral do campo de fútbol García Calvo e unha zona de lanzamentos, para dar resposta a unha vella reivindicación do Atletismo Negreira. A FGA situaría o sintético, en torno a 225 metros cadrados. As dúas partes cumprimos o acordado

Nos medios informativos valorei como un «paso importante» e pedín axuda orzamentaria: «Fago un chamamento á Xunta e Deputación para que colaboren co Concello».

El campo de fútbol de Negreira tendrá de forma provisional una zona de salto y lanzamiento de atletismo

La Voz de Galicia

EMILIO FORJÁN
NEGREIRA / LA VOZ

FORXÁN

Isidoro Hornillos se refirió a un «paso importante» para el club local

10 sep 2021 . Actualizado a las 05:00 h.

¿Que podes contar dos anteproxectos ofrecidos pola FA aos concellos galegos?

Basicamente e co obxecto de facilitar este proceso de modernizar as infraestruturas atléticas galegas, encarguei diversos anteproxectos de baixo custo a Roberto Pérez Manuel, arquitecto técnico e enxeñeiro de edificación, nomeado anteriormente.

A idea foi que a Federación Galega de Atletismo pon ao dispor dos clubs de atletismo, núcleos de adestramento e municipios galegos, gratuitamente. diversos anteproxectos (módulo externo, zona de lanzamentos e pistas de 200 e 400 metros, de 6 a 8 rúas). Exponse baixo as premisas de análises e control de custos de execución e do cumprimento da normativa vixente para a realización de probas oficiais de atletismo. Inclúese unha valoración estimada dos custos de execución, aínda que, será no proxecto definitivo cando se estuden os custos finais, tendo en conta aspectos como a topografía e xeoloxía do terreo, servizos existentes, auga, luz, saneamento e outros.

Despois remitimos estes anteproxectos a todos os concellos e clubs galegos. Me consta que hai varios que queren construír, pero corresponde aos mesmos anunciar a medida polo que gardo secreto. Estou moi satisfeito desta medida que adoptamos no seu día.


1
2
3
4
5
6

Anteproxecto ofertado pola Federación Galega de Atletismo a todos os concellos galegos para a construción dun módulo exterior de lanzamentos con foso de saltos horizontais, con valoración estimada dos custos de execución, detalles construtivos, planos e infografías




FGA
Federación Galega de Atletismo
1 2 3 4 5 6 7 8
Roberto Pérez Manuel
Ingeniero de edificación
Arquitecto técnico

Anteproxecto ofertado pola Federación Galega de Atletismo a todos os concellos galegos para a construción dunha pista de 400 metros con valoración estimada dos custos de execución, detalles construtivos, planos e infografías

3 Aumentar o nivel de rendemento

¿A quen corresponde a atención ao alto rendemento deportivo?

Sobre esta cuestión é importante recordar que as federacións colaboramos coa administración no proceso de "*Regular e fomentar o deporte e os deportistas de alto nivel de Galicia e as categorías de deportistas, así como os requisitos para ser incluídos nestas e os seus beneficios",* pero dita competencia corresponde á Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia". Así o indica a propia Lei do Deporte no seu artigo 5.13.

De feito, a administración publicou no DOGA, en concreto no ano 2020, un decreto polo que se regula o deporte de alto nivel, de alto rendemento e de rendemento deportivo de base de Galicia.

Asemade, por primeira vez, inclúe o recoñecemento aos centros de alto nivel deportivo e núcleos de adestramento deportivo, adestradores e xuíces.

Nos últimos 16 anos, por elección do resto de federacións deportivas galegas, formei parte coma presidente da FGA da Comisión galega de avaliación do alto nivel deportivo, do alto rendemento deportivo e do rendemento deportivo de base. Pero, baixo o meu punto de vista, dito decreto é inxusto nas esixencias para o recoñecemento aos adestradores de alto nivel. Así o manifestei na propia Comisión e mesmo facendo alegacións previas ao decreto

¿Que vantaxes teñen estes recoñecementos?

Son varias. Para resumir direi que posúen beneficios no eido educativo (universitario e non universitario); asemade no laboral e de carácter económico. Na última convocatoria, feita pola Fundación Deporte Galego, destinouse algo mais de 600.000 euros, repartidos entre os 509 deportistas de alto nivel de Galicia, inda que ós requisitos deportivos foron cumpridos só por 380 dos mesmos.

Máis polo miúdo, segundo os datos publicados pola Xunta de Galicia, algunhas das cantidades que foron para atletas son, por exemplo, 12.000 euros para Adi Iglesias; 8.000 euros a Ana Peleteiro; 6.000 euros a Adrián Ben; Gustavo Nieves (atletismo adaptado), Desi Vila (atletismo adaptado)... 3.000 para Susana Rodríguez Gacio polo atletismo adaptado, sen contar os 12.000 pola medalla de ouro en triatlon...etc.

Pero, non hai que esquecer que tamén teñen obrigas, coma "*Formar parte das seleccións deportivas galegas cando sexan seleccionadas e participar nos campionatos galegos da súa especialidade deportiva*". Sobre esta cuestión, afirmo ca Xunta de Galicia sempre mirou para outro lado.

¿Dentro do apoio da FGA ao atletismo de rendemento, cal é o protagonismo que tivo o Plan Galego de Tecnificación?

Considerando que, algunhas das funcións propias que posúe á FGA é a de promover, facilitar, planificar, administrar e dirixir, con carácter exclusivo, a práctica do atletismo na Comunidade Autónoma de Galicia, así como "*colaborar coa administración deportiva autonómica na execución dos plans e programas dos deportistas galegos de alto nivel*", confeccionouse o Plan Galego de Tecnificación Atlética (PGTA).

Supón unha parte esencial do programa deportivo da Federación Galega de Atletismo e da súa política no ámbito técnico. O mesmo se fundamenta sobre as etapas de Detección, Selección, Seguimento e Formación dos atletas, así como do respaldo aos adestradores galegos que se integren voluntariamente no mesmo.

A configuración do PGTA se fundamenta no entorno dos núcleos, dende o mais elemental, Núcleo Atlético Básico (NUBA) que supón o punto de partida fundamental, unha vez detectados e seleccionados os atletas apropiados para integrar o Plan Galego de Tecnificación, e sempre que se garantan os medios mínimos necesarios para desenvolver con normalidade o seguimento e formación dos mesmo, ata o mais especializado (NADE), recoñecidos pola Xunta de Galicia.

Por suposto tamén inclúo nesa aposta por buscar a excelencia deportiva ao propio Centro Galego de Tecnificación Deportiva de Pontevedra, na que contamos cun grupo de lanzamentos dirixidos por Frank Casañas.

¿Que recordo gardas dos primeiros núcleos como presidente da FGA?

Moi satisfactorios porque persoalmente teño unha gran confianza neste sistema. De feito, no primeiro ano que fun elixido presidente apostei por facer dous núcleos de atletas becados en residencias pola FGA nos sectores de lanzamentos e fondo e dirixidos por dous adestradores de gran prestixio: Raimundo Fernández e Mariano García-Verdugo.

Os centralizamos na Coruña e Santiago. Tivemos que resolver previamente o tema académico para poder compaxinar cos adestramentos. Estivo funcionando varios anos ata que a crese económica provocou unha importante recesión que afectou a todo o deporte e, por suposto, tamén ao atletismo galego.

Foi unha experiencia moi positiva que se debería retomar no momento en que as condicións orzamentarias o permitan.



Na actualidade, aparte das sesión cotiás, fanse xornadas de tecnificación cos atletas do PGTA, dirixidas por técnicos moi cualificados, nas que tamén se invitan aos adestradores persoais dos mesmos.

¿Que valoración fas dos recoñecementos médicos?

A valoración neste tipo de actuacións sempre é moi positiva. De feito ofrecemos unha proba de esforzo gratuíta e un seguimento médico a todos os atletas que foron medallistas nos diferentes Campionatos de España ata a categoría absoluta. Antes organizamos unha xornada telemática explicativa de todo ese proceso dirixida polo Dr. Miguel Santiago Alonso, fisiólogo e compañeiro da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física da UDC.

Plan Galego de Tecnificación 2021

6ª Sesión do PGTA 2021 (Presencial ou streaming)

Luns, 14 de xuño de 2021. De 17:00 horas a 18:00 horas

Facultade Ciencias do Deporte (INEF Galicia) Bastiagueiro - Oleiros

Sectores prioritarios: medio fondo, fondo e marcha

MIGUEL DE SANTIAGO, ESPECIALISTA EN FISIOLOXÍA DEPORTIVA RESPONDE AS TÚAS PREGUNTAS

Médico. Fisiólogo
Miguel de Santiago Alonso

Xustificación ou paso previo dirixido aos/as adestradores/as dos/as atletas do Plan Galego de Tecnificación, interesados en que os seus atletas fagan as probas subvencionadas pola Federación Galega de Atletismo e cuxos núcleos foron recoñecidos oficialmente: A proba de esforzo ou ergometría; as probas de campo con analizador portátil de gases; os tests de lactacidemia..., entre outras. Interpretación dos resultados, cara ao control e planificación do adestramento deportivo. O seguimento fisiolóxico dos atletas durante as diferentes etapas do macrociclo. Aclaración de posibles dúbidas.



¿Por que creouse o Programa Pértegal?

Basicamente para facilitar o aprendizaxe dunha disciplina tan complexa e difícil como é o salto con pértega. Para ilo eliximos a dous reputados adestradores, Antonio Fernández e Santiago Ferrer Alonso, para dirixir as xornadas cos atletas dos clubs interesados. A FGA se facía cargo de todos os custos das mesmas.

Plan Galego de Tecnificación 2021

Programa pértegal

Antonio Fernández Costas
Adestrador Nacional

Santiago Ferrer Alonso
Adestrador Nacional

- **Obxectivo:** Aprendizaxe dos fundamentos técnicos básicos do salto con pértega.
- **Profesores/Adestradores:** Antonio Fernández Costas e Santiago Ferrer Alonso
- **Dirixido a:** Todos os clubes galegos, priorizando aos Núcleos Básicos (NUBAs) e Núcleos de Tecnificación (NUTAs), sempre que teñan carencias de persoal técnico especializado
- **Datas e horarios:** A partires do mes de setembro de 2021. Horario a concretar entre o núcleo interesado e o adestrador responsable
- **Duración**: Xornada de ata 4 horas, podendo dividirse en dúas quendas de 2 horas
- **Grupos:** 10 atletas das categorías Sub12 en adiante. Dentro do posible, grupos homoxéneos en canto a súa familiarización coa disciplina.
- **Adestradores**: Poderán asistir todos os adestradores interesados que pertenzan á mesma zona ou núcleo onde se leva a cabo a actividade.
- **Peticións á FGA por parte do Núcleo/Club**: Cunha antelación mínima de 15 días sobre a data de celebración para a solicitude.
- **Cuestións a indicar na solicitude:** Dispoñibilidade de colchón de pértega. Indicar o mes do ano no que estarían interesados en realizar a actividade.
- **Material:** A FGA transportará as pértegas ata o lugar onde se desenvolva a actividade.
- **Lugar:** A FGA se reserva a posibilidade de fixar o lugar de cada sesión, co obxecto de optimizar o proceso de aprendizaxe.

Premios en metálico do Campionato de Galicia Absoluto

MELLORES MARCAS (1)	HOMES	MULLERES
Carreiras e marcha	1º: 150 €	1ª: 150 €
	2º: 100 €	2ª: 100 €
	3º: 50 €	3ª: 50 €
Saltos	1º: 150 €	1ª: 150 €
	2º: 100 €	2ª: 100 €
	3º: 50 €	3ª: 50 €
Lanzamentos	1º: 150 €	1ª: 150 €
	2º: 100 €	2ª: 100 €
	3º: 50 €	3ª: 50 €
Mellor marca do Campionato	+ 200 €	

(1) Serán elixidas a través da valoración da táboa da World Athletics. As cantidades establecidas nos tres sectores e o premio extra pola mellor marca do Campionato de Galicia son acumulables. Só poderán optar a estos premios en metálico os/as atletas con licencia pola Federación Galega de Atletismo.

¿Se organizan moitos campionatos de Galicia?

Nos últimos anos se fixo un enorme esforzo para a celebración dos diferentes campionatos de Galicia. De feito o crecemento foi moi significativo, en todas as disciplinas.

Hai quen pensa que son demasiados, pero sempre defendín que tiñamos que ter os mesmos ca propia Real Federación Española de Atletismo para non provocar ningún tipo de discriminación a ningunha disciplina e a ningunha categoría.

É certo ca Xunta de Galicia non valora, a efectos de baremo aplicado no reparto das subvencións anuais ás federacións deportivas galegas, á categoría máster, pero eles tamén pagan a súa licenza e teñen os mesmos dereitos co resto de categorías.

Tampouco oculto unha realidade difícil de resolver nesta sociedade que ten que ver co calendario de competicións. Cada vez hai mais competicións e, partindo de que hai meses nos que a xente quere "desconectar", os atrancos aumentan para configurar un calendario coordinado entre delegacións, coas ligas de clubs, cos propios campionatos de España, coa dispoñibilidade dos xuíces e, por si fora pouco, co propio uso da instalación, xa que non sempre e posible contar coas mesmas nas datas idóneas.

En calquera caso, teño que lembrar que cada ano se celebra unha Asemblea Xeral con competencias para determinar o número e tipo de Campionatos de Galicia.

ANO 2006	**CAMPO A TRAVÉS** Campionato Galicia Absoluto CT Campionato de Galicia Cross Curto Campionato de Galicia Máster Memorial Alejandro Lorenzo CT	ANO 2022 Campionato Galicia Absoluto CT Campionato de Galicia Sub18 e Sub16 CT **Campionato Galicia de Cross Relevos Mixto Clubs** Campionato Menores e M. Alejandro Lorenzo CT **Campionato de Galicia Máster CT** **Campionato de Galicia de Trail** **Campionato de Galicia de Montaña**
ANO 2006	**PISTA CUBERTA** Campionato Galicia Absoluto + P.Combinadas (Só Absoluto) Campionato Galicia Promesa e junior (Sub23 e Sub20) Campionato Galicia Xuvenil (Sub18) Campionato Galicia Cadete (Sub16) Campionato Galicia Máster	ANO 2022 Campionato Galicia Absoluto Campionato Galicia Sub 23 Campionato Galicia Sub 20 e Sub 18 Campionato Galicia Sub 16 **Campionato Galicia Sub 14-12-10** **Campionato Galicia Probas Combinandas** **Campeonato de Galicia Máster** **Copa de Clubs Absoluto** **Copa de Galicia Master** **Trofeo Inauguración Pista Cuberta** **Control Pista Cuberta** **Campionato Galicia Clubs P. Combinadas**
ANO 2006	**PISTA AIRE LIBRE** Campionato de Galicia Absoluto Campionato de Galicia Promesa e Junior (Coxunto) Campionato de Galicia Xuvenil (Sub18) Campionato de Galicia Cadete (Sub16) Campionato de Galicia Máster Campionato de Galicia Absoluto de Clubs Campionato de Galicia Junior Clubs Campionato de Galicia Cadete Clubs Campionato de Galicia Probas Combinadas (Absoluto) Criterium Galego saltos e Lanzamentos	ANO 2022 Campionato de Galicia Absoluto Campionato de Galicia Sub23 e Sub20 Campionato de Galicia Sub18 Campionato de Galicia Sub16 Cmpionato Galicia Sub14,12 e 10 Campionato de Galicia Master **Campionato Galicia de 5000 e 10000 m.** **Campionato Galicia Probas Combin. Absoluto e S23** **Campionato Galicia Lanzamentos Sub16-18** **Campionato Galicia Lanzamentos Largos** **Campionto Galicia Pentathlon Lanzam. Máster** **Campionato Galicia Clubs P. Combinadas (Menores)** **Campionato de Galicia de Marcha Inverno** Campionato Galicia Clubs Sub20 y Sub18 **Campionato Galicia Clubs Sub14-12-10** **Copa de Clubs Absoluto** **Copa de Clubs Máster**
ANO 2006	**RUTA**	ANO 2022 **Campionato de Galicia de Maratón** **Campionato de Galicia de Media Maratón** **Campionato de Galicia de 10 km** **Campionato de Galicia de 5 Km** **Campionato de Galicia da Milla en Ruta** **Campionato de Galicia de 1 km** **Campionato de Galicia de Marcha en Ruta**

4 Promover o atletismo de base

¿Defendes a competición de menores?

Son plenamente consciente das diferentes correntes de pensamento que xorden en torno á iniciación deportiva e sobre si os nenos deben ou non competir e dos debates apaixonados que se suscitan neste tema.

Inicialmente, lonxe de situarme en calquera dos extremos, e dicir, a favor ou en contra, defendo que á resposta máis axeitada a deben ofrecer os propios nenos.

Si unha nena de 10 anos toma a decisión de participar nunha competición, voluntariamente, sen presións e o seu adestrador, profesor ou mestre, sabe perfectamente canalizar e xestionar o resultado deportivo que obteña, non son partidario de privala desa experiencia.

Pero digo o mesmo, no extremo oposto: debemos de combater dende as federacións, clubs, grupos de adestramentos e familias todo tipo de presións dirixidas aos nenos e nenas para que tomen parte en competicións para as que non están preparados ou ben non desexen participar.

Por conseguinte a competición pode ser una experiencia educativa e motriz extraordinaria para un cativo, ao marxe do resultado deportivo, pero tamén, potencialmente, pode acontecer o contrario,

Dito isto, como dirixente deportivo sempre defendín as competicións para as categorías inferiores, cunha intención máis educativa que de rendemento, e procurei que tiveran a mellor experiencia posible, Agás excepcións, en xeral a práctica competitiva ben dirixida provoca un claro beneficio formativo.

> *“A competición pode ser una experiencia educativa e motriz extraordinaria para un cativo, ao marxe do resultado deportivo, pero tamén, potencialmente, pode acontecer o contrario.”*

¿Que medidas se fixeron na promoción do atletismo de base?

1. Colaborar coa Xunta de Galicia no Programa XOGADE

O programa XOGADE (Xogos Galegos Deportivos en Idade Escolar) promovido dende a Xunta de Galicia e levado a cabo conxuntamente coa FGA, Agrupacións Deportivas Escolares galegas e clubs, supón unha excelente oportunidade para as categorías inferiores de iniciarse na práctica do atletismo, tanto en campo a través como en pista..
A FGA colabora na organización das diferentes fases locais e autonómica. Tamén se responsabiliza de todo o laborioso proceso das inscricións e confección de resultados deportivos.
Pola súa parte, a Xunta de Galicia garante os seguros deportivos para os rapaces e rapazas entre 6 e 16 anos o que supón unha aportación moi importante para o tecido asociativo atlético galego

XOGADE
XOGOS GALEGOS DEPORTIVOS EN IDADE ESCOLAR

2. Impulsar a organización de Campionatos de Galicia de categorías inferiores

Como dixen anteriormente, o aumento das licenzas das categorías inferiores nos últimos anos foi moi considerable no atletismo galego. Sempre tiven moi claro que este incremento de atletas noveis tiña que acompañarse cun aumento dos propios Campionatos de Galicia, que complementasen as xornadas e actividades dos propios clubs e do programa XOGADE.

Por elo, cada ano se organizan Campionatos de Galicia para estas categorías, tanto na Ruta, Campo a Través, Aire Libre e Pista Cuberta. Todos estes campionatos se ofertan ás categorías Sub20, Sub18, Sub16, Sub14, Sub12 e Sub10, tanto a nivel individual como por equipos. O programa é o oficial de cada categoría, incluídas as probas combinadas..

XV CAMPIONATO
XUNTA
DE GALICIA
Sub10
Sub12
Sub14
Lugo
05 de xuño-22
Federación Galega de Atletismo
Concello de Lugo
XUNTA DE GALICIA
Ford
Gonzacar

XXX CAMPIONATO DE GALICIA
DE MARCHA EN RUTA
I Trofeo Barbanza Atletismo en Ruta
30 Aniversario
Probas de 1,2 e 3 km de Sub10 en adiante
A Pobra, 19 de xaneiro a partir das 16:45 h.
Informacións e inscripcións en
www.carreirasgalegas.com ou www.atletismo.gal
Federación Galega de Atletismo
deportes
Ford
Gonzacar

3. Organizar a Liga Abanca

Supón outra aposta da FGA pola promoción do atletismo de base. A raíz dun patrocinio que conseguimos da empresa Abanca, puidemos ampliar a oferta de competicións de pista dirixida ás categorías inferiores. O fixemos tanto en Aire Libre como Pista Cuberta, habendo clasificacións individuais e por equipos.

2
1
3
//ABANCA
NON

OURENSE TERMAL
2
1
3
//ABANCA


benxamín alevín infantil
V liga galega escolar federada
//ABANCA
Fase previa
19 novembro
Zonas provinciais de
A Coruña, Pontevedra
e Lugo/Ourense
Fase final
Pazo dos Deportes
A Coruña
FEDERACIÓN GALEGA
DE ATLETISMO
www.atletismogalego.org
inscricións: direcciontecnica@fgatletismo.com

VIII LIGA
DE INVERNO
de Categorías Menores
//ABANCA
FGA
1921
Federación Galega de Atletismo
XUNTA DE GALICIA
DEPORTE GALEGO
DEPUTACIÓN OURENSE
HOSPITAL
CO.SA.GA.
"Medicina en Equipo"
Expourense

XUNTA DE GALICIA
DEPORTE GALEGO
XUNTA DE GALICIA
//ABANCA

4. Organizar a Copa Deputación Provincial de Ourense en Pista

Na provincia de Ourense, a través da Delegación da FGA e co patrocinio da Deputación Provincial, se organiza cada ano esta copa que no ano 2023 alcanzara a edición número XL. O formato foi evolucionando dende que se pode contar coa Pista de Expourense. En calquera caso, unha parte moi significativa do programa vai dirixido ás categorías inferiores. Na tempada 2022 se celebraron cinco xornadas.

Federación Galega de Atletismo

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com C.I.F. G15103500

XUNTA DE GALICIA
DEPORTE GALEGO

XXXIX COPA DEPUTACIÓN OURENSE DE ATLETISMO
3ª XORNADA – TEMPADA 2022

1. ORGANIZACIÓN

A Delegación en Ourense da Federación Galega de Atletismo organiza, co patrocinio da Deputación Provincial de Ourense, a XXXIX Copa Deputación de Ourense – 3ª Xornada, o domingo, **27 de novembro de 2.022** no **Pista de Atletismo Cuberta de Ourense – EXPOURENSE**

2. PROGRAMA DE COMPETICIÓN

HORA	PROBA	CATEGORÍA		PARTICIPANTES
10:30	50 m.	S8	M	24
10:30	Peso	S10 – S12	F	16
10:30	Lonxitude	S10 – S12	M	16
10:42	50 m.	S8	F	24
10:54	50 m.	S10	M	24
11:06	50 m.	S10	F	24
11:18	60 m.	S12	M	24
11:30	60 m.	S12	F	24
11:42	60 m.	S14	M	24
11:54	60 m.	S14	F	24
12:00	Peso	S10 – S12	M	16
12:00	Lonxitude	S10 – S12	F	16
12:06	60 m.	S16	M	24
12:18	60 m.	S16	F	24
12:30	500 m.	S10	M	24
12:42	500 m.	S10	F	24
12:54	500 m.	S12	M	24
13:06	500 m.	S12	F	24
13:18	500 m.	S14	M	24
13:30	500 m.	S14	F	24

- Co horario definitivo, publicaranse as táboas de lonxitude e o horario de cámara de chamadas.
- Os participantes deberán cumprir co horario establecido de Cámara de Chamadas para a súa participación.
- Nos concursos aceptaranse 16 participantes e 4 intentos por participante.

DEPUTACIÓN OURENSE

Expourense

5. Organizar a Copa Deputación Provincial de Lugo

Dende a delegación da FGA en Lugo e co patrocinio da Deputación Provincial se organiza esta copa que alcanzará a edición XIII no 2023. Dende que Lugo conta cun módulo cuberto homologado unha parte importante da oferta de pista se organiza dentro do mesmo (meses invernais). O programa se comparte dende as categorías su16 ata a absoluta.

Federación Galega de Atletismo

Complexo Deportivo de Elviña. Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

XUNTA DE GALICIA
DEPORTE GALEGO

III XORNADA COPA DEPUTACIÓN DE LUGO

5 de FEBREIRO de 2022

A Delegación da FGA en Lugo coa colaboración dos clubes da cidade **co patrocinio da Deputación de Lugo e a colaboración do Concello de Lugo**, organiza a 3ª XORNADA da COPA DEPUTACIÓN DE LUGO, **o SÁBADO 5 de febreiro de 2022, en xornada de** mañá no módulo cuberto e na pista ao aire libre do ***Estadio Gregorio Pérez Rivera***.

REGULAMENTO

Art. 1. Poderán participar todos os atletas federados que cumpran as seguintes condicións:

- Atletas con ficha pola F.G.A. ó longo da tempada actual (2022) que pertenzan a clubes galegos ou de outras CC.AA dende as categorías sub-16 en adiante.

Art. 2. As **inscricións** faranse a través do sistema online da web da RFEA (**https://isis.rfea.es/sirfea2/**) ata **as 22:00 horas do martes anterior** á celebración das probas. **Non se admitirán inscripcións fora de prazo.**

Art. 3. **HORARIO DEFINITIVO**

HOMES	HORA	MULLERES
HORARIO MAÑANA		
LANZAMENTO PESO	11:00	SALTO DE LONXITUDE
		Semifinais - 60 mv (0.76)
Semifinais - 60 mv (0.91)	11:10	Semifinais - 60 mv (0.84)
Semifinais - 60 mv (0.91-0.99-1.06)	11:20	
	11:35	Semifinais - 60ml
	12:00	LANZAMENTO PESO
Semifinais - 60ml	12:05	
SALTO DE LONXITUDE	12:10	
	12:40	Final – 60mv
Final – 60mv	12:50	
SALTO ALTURA	13:00	SALTO ALTURA
		Finais A-B- 60ml
TRIPLE SALTO	13:10	TRIPLE SALTO
Finais A-B- 60ml		
	13:45	200 ml
200 ml	13:50	

Art. 4. PARTICIPACIÓN: Terán prioridade na inscrición os atletas lucenses sobre os foráneos. En todo caso será a organización a responsable de admitir ou rexeitar aos atletas.

Art. 5. Nas probas de velocidade indicarase a mellor marca. As series realizaránse agrupando os atletas por marcas, aqueles atletas que non indiquen mellor marca serán incluídos aleatoriamente no resto das series.

Art. 6. Participantes, cadencia e tentativas:

PROBA	Nº	TENTATIVAS OU CADENCIA	
LANZ PESO (sub 16 –abs)	14	4 tentativas + 2 mellora para 3 primeiros	
SALTO ALTURA (sub 16-abs)	6+6	1.20-1.30-1.37-1.42-1.47….70-73-76…..	
TRIPLE SALTO (sub 16-abs)	6+6	4 tentativas + 2 para 2 primeiros	Táboa 8-11-13m
SALTO LONXITUDE (sub 16-abs)	14	4 tentativas + 2 para 3 primeiros	Táboa 3m

Art. 7. Os atletas retirarán o seu dorsal no control de acceso unha vez ensinen o certificado de vacinación e deberán abandoar a instalación (módulo), á maior brevidade posible.



6. Organizar o Circuíto de Carreiras populares Deputación da Coruña

No caso da provincia da Coruña, co patrocinio da Deputación Provincial, a FGA colabora na organización dun Circuíto de Carreiras Populares que alcanzará no 2023 a IX edición. O ente provincial subvenciona unha parte moi importante dos custos organizativos das carreiras dos concellos seleccionados con criterios obxectivos. Todas as probas que forman parte do mesmo deben estar inscritas no calendario oficial da Federación Galega de Atletismo.
En cada carreira existen distancias para categorías dende Sub-10 ata Máster 4.
O Circuíto de Carreiras Deputación da Coruña da tempada 2023 estará integrado por 35 carreiras. Dende que se creou, fai xa 11 anos, o número de probas foi medrando en cada edición.

IX

Circuito de carreiras

Deputación
DA CORUÑA

7. Organizar o Circuíto de probas de atletismo en pista da Deputación da Coruña

A Deputación Provincial da Coruña, aparte das Carreiras populares, tamén patrocina o programa de probas de atletismo en pista, organizado pola FGA e que se celebra en diferentes localidades da provincia que teñan pistas homologadas. Por exemplo, na tempada 2021 se fixeron xornadas en 6 municipios da Coruña. No programa tamén se inclúen as categorías inferiores, o que supón unha boa oportunidade para a iniciación atlética en pista.

8. Desenvolver a Escola Provincial de Atletismo en Pista da deputación Provincial de Pontevedra

A Deputación de Pontevedra leva anos facendo o programa Deporte-Escolas, que desenvolve en colaboración coas federacións deportivas galegas e clubs, para promover a práctica da actividade física entre as categorías en idade escolar que residen na provincia.

A FGA en unha das federacións que posúe unha escola, gratuíta para os nenos. En total son as seguintes modalidades: atletismo, baloncesto, balonmán, judo, loita, patinaxe, piragüismo, rugby e taekwondo. O período das escolas transcorre entre outubro ata maio.

Asemade, é unha boa oportunidade para que nenos e nenas da provincia poidan iniciarse no atletismo.

9. Organizar o Memorial Alejandro Lorenzo de Campo a Través

A FGA tamén organiza cada ano o Memorial Alejandro Lorenzo de Campo a Través para as categorías inferiores, en lembranza deste sacerdote e adestrador do Club Pabellón de Ourense, desaparecido no Mont Blanc en agosto do 1996, cando ascendía en solitario. Aparte de colaborar con distintos medios de comunicación e ser un dos máis veteranos montañeiros da provincia era membro do Comité Técnico da FGA.



Hemeroteca | El orensano Alejandro Lorenzo, perdido en el Mont-Blanc

La Región HISTORIA EN 4 TIEMPOS Hemeroteca | El orensano Alejandro Lorenzo, perdido en el Mont-Blanc

10. Incluír probas de marcha para as categorías inferiores no Gran Premio Internacional Cantones da Coruña

A FGA tamén organiza en cada edición do Gran Premio de Marcha Atlética Cantones da Coruña – Sergio Vázquez, distancias para as categorías inferiores do atletismo galego, inda que nos últimos anos tamén hai presencia de nenos e nenas doutras comunidades.

11. Convocar as Selección Galegas

Sempre que houbo oportunidade de convocar as diferentes seleccións galegas se fixo. Nestas últimas catro lexislaturas o atletismo galego estivo representado en todas as competicións de seleccións autonómicas, sen faltar a ningunha, independentemente do nivel que houbera en cada caso.

NON

12. Relevancia das categorías inferiores

Para rematar estes exemplos, desexo constatar que a atención a esta liña estratéxica durante as últimas lexislaturas foi unha constante e preocupación por parte da FGA. Non vou agora a xustificar a importancia que ten para o atletismo ou calquera outro deporte, atender aos nenos e nenas que deciden practicalo.

Lémbrome a gran motivación que provoca nestas categorías o feito de retransmitir por streaming os Campionatos de Galicia de menores, iniciada durante as restricións da pandemia da COVID.

Hai incluso outras actuacións, como por exemplo, o Circuíto de Pista da Coruña que se fixo durante algún tempo nun eido máis local, ou diversas probas de controis dirixidas tamén ás categorías inferiores.

O Plan Galego de Tecnificación, que xa falamos do mesmo noutro apartado, está contribuíndo á promoción do atletismo galego, inda que en poboacións que amosaron un certo talento deportivo.

.

5 Mellorar a oferta de competicións

Que podes salientar sobre o eixe de mellorar a oferta de competicións?

Antes da pandemia estabamos preto das 400 competicións oficias en Galicia en cada tempada, e dicir, más de 1 proba por dia de media. Na actualidade estase recuperando a normalidade e coido que para o ano 2023 debería alcanzarse e incluso mellorar esa oferta.

Esa oferta de competicións procurei sempre complementalas con probas de categoría nacional. De feito, baixo a miña presidencia se organizaron en Galicia un total de 16 Campionatos de España

Gardo un grato recordo do Campionato de España Absoluto de Pista Cuberta organizado en Expourense (2020), cualificado polo presidente da RFEA como "o mellor da historia".

Tampouco quero esquecer o Gran Premio Internacional Cantones da Coruña, impulsado por Sergio Vázquez, e que tiven a gran satisfacción de organizalo os últimos 16 anos, como presidente e antes como Director Técnico. Esta proba é a primeira competición do atletismo español que posúe a catalogación de "Patrimonio Mundial do Atletismo" concedida pola World Athletics en 2019.

La Región DEPORTE LOCAL Chapado: "Ourense ha sido el mejor campeonato de España de la historia"

DEPORTE LOCAL

ATLETISMO

Chapado: "Ourense ha sido el mejor campeonato de España de la historia"

Daquela, a cantidade de probas en Galicia debería aumentar?

Na medida de que o colectivo de federados vaia aumentando debe tamén incrementarse a oferta de competicións, organizadas polos clubs e a propia FGA, xa que as necesidades son tamén maiores.

Para elo, se precisa, en primeiro lugar, máis xuíces ou ben, maior frecuencia de actuacións dos mesmos. O Comité Galego de Xuíces está facendo un esforzo para formar novos xuíces e na tempada pasada os Órganos de Goberno aprobaron un incremento moi importante das tarifas por actuacións, co obxecto de reducir as dificultades que ten a FGA para acadar un xurado apropiado para cada evento e poder organizar más competicións.

Tamén se precisa un cambio de mentalidade, polo que aproveito a resposta para recordar que a función esencial do tecido deportivo atlético galego, clubs deportivos, agrupacións escolares, seccións deportivas, xunto a federación, e á organización de actividades ou competicións deportivas.

Pensar que a FGA ou RFEA, deben asumir en exclusividade a oferta de competicións que precisan os atletas, delata un preocupante e profundo descoñecemento da realidade lexislativa e deportiva. Sempre procurei facer pedagoxía con esta cuestión.

Inda que cada vez hai máis clubs galegos que organizan competicións, e iso é moi positivo, en xeral se precisa que asuman con máis determinación unha das súas funcións esenciais, indicada na Lei do Deporte de Galicia, como é á organización de competicións, para complementar a propia oferta da FGA.

> *"Pensar que a FGA ou RFEA, deben asumir en exclusividade a oferta de competicións que precisan os atletas, delata un preocupante e profundo descoñecemento da realidade lexislativa e deportiva. Sempre procurei facer pedagoxía con esta cuestión."*

DOG — Diario Oficial de Galicia

DOG Núm. 71 — Venres, 13 de abril de 2012 — Páx. 13194

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA

LEI 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia.

Entidades deportivas galegas

- Clubes deportivos
- Agrupacións Escolares
- Seccións Deportivas
- Federacións Galegas

Función esencial: a práctica deportiva. Aplicarán os seus recursos ao fomento das manifestacións de carácter físico-deportivo **e á organización de actividades ou competicións deportivas**.

OURENSE TERMAL
ATHLETICS MEETING 2018
2ª CLASIFICADA
300€
RFEA
FOTOCARLOSGRAFIAS.COM

6 Mellorar o atletismo participativo



¿Que opinas do atletismo popular?

Creo que o atletismo popular ou participativo supón un dos exemplos máis didácticos de como a propia sociedade marca as tendencias e as federacións deben estar moi atentas.

Coñecer a historia é importante para responder esta pregunta. Inda que temos coñecemento de que xa se organizaban carreiras dende principios do século XIX, fundamentalmente no entorno de festexos, propiciando tamén a orixe do atletismo español, a gran explosión acontece a finais dos anos 70 do século pasado.

En Galicia temos constancia que en 1840 se disputaba a Carreira da Hogaza, na romaría da antiga provincia de Tui nas festas de San Roque. Tamén sabemos que en 1917 xa se celebraba unha carreira urbana na cidade de Lugo, organizada polo Círculo das Artes para fomentar a afección da xuventude.

Dito isto, sempre procurei apoiar estas manifestacións populares. De feito, unha das miñas primeiras decisións cando asumín a presidencia da FGA foi impulsar a organización da Coruña 10.

Non soamente considero que non prexudican ao atletismo de pista, senón que, indirectamente, o potencian.

Por outra banda, síntome moi orgulloso de que dende o atletismo tamén se están afianzado os hábitos saudables da poboación con esta oferta deportiva polos enormes beneficios que provoca o correr regularmente.

Certo é que tamén hai riscos cando se intensifica moito a práctica ou ben os corredores non respectan os principios do adestramento deportivo, pero en xeral o balance é moito máis positivo que negativo.

En España o maior incremento do porcentaxe de individuos que practicou a carreira aconteceu durante 2020 e 2021, período no que as restricións pola pandemia, impulsou o feito de saír a correr ao aire libre.

A proliferación destas probas populares en Galicia nas últimas décadas foi moi considerable. Antes da pandemia, a FGA xa tiña 200 carreiras no seu calendario oficial.

Creamos o Departamento de Carreiras Galegas para dar resposta ás necesidades dos organizadores destas probas e síntome moi satisfeito dos resultados.

¿Que ofrece Carreiras Galegas?

Practicamente todo o que necesita un organizador. En primeiro lugar, unha plataforma gratuíta de inscrición con pasarela de pago incluída na web carreirasgalegas.org. Alí se pode publicitar a proba e colgar toda a información que sexa precisa, tanto de normativa técnica, como a que poida aparecer nos medios de comunicación sobre a carreira ou vídeos de promoción aportados polo organizador.

Ademais se ofrecen diversos servizos e material indispensable: Arco de meta e saída, dorsais personalizados, carpas, cronometraxe por chips, puntos de paso, xeolocalización dos atletas, pantallas leds, reloxos, streaming, confección de resultados, asesoramento... etc.

Este departamento da FGA está dirixido por Carlos Castro, que posúe, aparte dun sentido encomiable da profesionalidade e responsabilidade. unha enorme experiencia e coñecemento na xestión deportiva. O mesmo acontece con Julio Santiago, pero máis especializado nas aportacións tecnolóxicas e aspectos loxísticos, compaxinados con gran eficacia coa responsabilidade da produción do Streaming da FGA.

crédito y caución
crédito y caución
Concello de As Pontes
21
30
17
571

Desenvolver aspectos lexislativos e normativos 1

Aparte da normativa técnica de competicións, que aspectos destacarías nesta liña estratéxica de carácter lexislativo?

Como dixen anteriormente, sempre que presenteime como candidato á presidencia da FGA remitín un Plan Estratéxico. Elo supón un esforzo previo de planificación e de debate, pero tamén de desenvolvemento posterior. Para non facer moi extensa a resposta voume referir só aos aspectos lexislativos do último período electoral:

PLAN ESTRATRÉXICO. A confección do Plan Estratéxico da Federación Galega de Atletismo (PE-FGA) foi un compromiso adquirido por min ante todo o atletismo galego, cando foi candidato nas últimas eleccións.
As grandes liñas do PE-FGA foron expostas e debatidas nas xuntanzas desenvoltas, con acceso libre para calquera persoa que tivera interese.

Todos os estamentos do atletismo galego tiveron a oportunidade de facer propostas para ser integradas no documento definitivo, como así foi. Finalmente o PE-FGA foi presentado na Asemblea Xeral Ordinaria da FGA o 29 de decembro de 2018. Está integrado por 6 eixes estratéxicos e 9 transversais, dos que xorden as accións. específicas.

REFORMA DOS ESTATUTOS: Os novos estatutos foron aprobados pola Asemblea Xeral Extraordinaria o 29 de decembro de 2018, tras adaptalos ás disposicións indicadas no Decreto 16/2018, do 15 de febreiro, polo que se establecen as bases e os criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deben rexer a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas. Pero existen outros argumentos que xustifican a súa reforma. Entre eles, a adecuación da recente resolución do Consello Superior de Deportes sobre a competencia do Trail Running en España.

Días despois da aprobación por parte da Asemblea Xeral Extraordinaria foron remitidos á Xunta de Galicia. Tras un largo período de **silencio administrativo**, superando con creces os límites legais establecidos par dar resposta á proposta da Asemblea Xeral e tras diversas reclamacións feitas por parte da FGA, foron finalmente publicados no Diario Oficial de Galicia (DOG) o 8 de xullo de 2020. Na actualidade, seguen vixentes.

DOG Diario Oficial de Galicia

DOG Núm. 135 Mércores, 8 de xullo de 2020 Páx. 27249

VI. ANUNCIOS

C) OUTROS ANUNCIOS

FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO

ANUNCIO de publicación da modificación dos estatutos desta federación.

Producida a aprobación pola Administración autonómica da modificación dos estatutos da Federación Galega de Atletismo, acordada pola súa asemblea xeral do 29 de decembro de 2018, procédese ao anuncio da súa presentación no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia; o seu contido pódese consultar no sitio web atletismo.gal.

A Coruña, 3 de xuño de 2020

Isidoro Hornillos Baz
Presidente da Federación Galega de Atletismo

REGULAMENTO DE REXIME DISCIPLINARIO: Foi reformado e aprobado por parte da Xunta Directiva da FGA e Comisión Delegada da Asemblea Xeral o 21 de xaneiro de 2019. A raíz da aparición do COVID-19, o 28 de xullo de 2020 tanto a Xunta Directiva da FGA como a Comisión Delegada aprobaron modificacións do Regulamento de Réxime Disciplinario.

Dita reforma foi encamiñada a tipificar comportamentos que puideran poñer en risco a todos os estamentos do atletismo de Galicia, no caso de non cumprir a lexislación vixente en referencia ao COVID-19: atletas, adestradores, xuíces, directivos e organizadores..

REGULAMENTO DE DISTINCIÓNS: Foi aprobado por parte da Xunta Directiva da FGA, conforme á aplicación dos estatutos, o 10 de marzo de 2021. Nese regulamento se detalla o procedemento dirixido á concesión de distincións, honores e recoñecementos a aquelas persoas e entidades que destacaran polos seus méritos deportivos, traxectoria deportiva ou dedicación ao atletismo, en calquera das disciplinas ou por seus especiais servicios á FGA.

O procedemento seguido para actualizar o regulamento de distincións da FGA permitiu ás seguintes comisións facer propostas de mellora, antes de ser sometido a votación:

1. Comisión Delegada da Asemblea Xeral
2. Comisión de atletas da Asemblea Xeral
3. Comisión de adestradores da Asemblea Xeral
4. Comisión de clubs da Asemblea Xeral
5. Comisión de xuíces da Asemblea Xeral
6. Comité Técnico da FGA
7. Comisión Escolar da FGA
8. Comité Galego de Xuíces
9. Comité de Atletas Veteranos
10. Comisión de Clubs
11. Escola Galega de Adestradores

ACATAR O CÓDIGO DE BO GOBERNO: Todos os membros da Xunta de Goberno da FGA, a quen agradezo a súa grande implicación e aportacións, asinaron o documento da normativa do Código do Bo Goberno. A Federación Galega de Atletismo aprobou no ano 2009 a normativa indicada na resolución de 8 de setembro de 2009, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se establecen as Normas do Código do Bo Goberno das federacións deportivas de Galicia. Inda que teñen carácter de recomendación, desde entón a FGA aplica as súas disposicións que afectan ao control e á súa xestión económica, con independencia da procedencia, pública ou privada. Os membros dos órganos de goberno e representación que actuarán en consonancia cos compromisos indicados no Código de Bo Goberno e con lealdade respecto á federación comprometeranse a:

- Non utilizar en beneficio propio nin facilitar a terceiros os datos ou informacións que obteñan no desempeño do seu cargo.
- Absterse de intervir en deliberacións e votacións sobre cuestións en que puidesen ter un interese particular.
- Non facer uso indebido do patrimonio federativo nin valerse da súa posición para obter vantaxes patrimoniais.
- Remitir aos membros da Asemblea Xeral, polo menos cunha semana de antelación á realización das reunións, copia de canta documentación contable sustente a xestión económica da federación.
- Facilitar na súa memoria económica a información relativa ás retribucións en diñeiro ou en especie satisfeitas, de ser o caso, aos membros dos órganos de goberno da federación.
- Facilitar información sobre o volume de transaccións económicas que a federación manteña cos seus membros ou terceiros vinculados con eles.
- Non aproveitarse das oportunidades de negocio que coñezan na súa condición de membros da federación.
- Solicitar un mínimo de tres ofertas nas operacións que superen os 30.000 euros.
- Facilitar cantos datos e informes técnico-deportivos se soliciten desde a Administración deportiva

MANUAL DE PROCEDEMENTO: A Federación Galega de Atletismo, como entidade sen ánimo de lucro, ten asumido un compromiso inquebrantable para facer da súa actividade xestora un exemplo de comportamento ético e socialmente responsable que trasladar a toda a sociedade. As determinacións contidas no presente código constitúen un instrumento útil para proxectar unha maior transparencia na organización do atletismo galego federativo.

Como axente colaborador da Comunidade Autónoma de Galicia que exerce, ademais das atribucións que lle son propias, vía delegación, determinadas funcións de carácter administrativo e que percibe e xestiona fondos públicos, ven facendo todos os esforzos necesarios para amosar e mellorar a calidade e a transparencia da súa xestión.

A dimensión social do deporte e o seu carácter transversal, influente nos ámbitos educativo, sanitario ou económico, entre outros, contribúen a facer do feito deportivo un fenómeno de primeira orde e especial transcendencia na sociedade actual.

Neste contexto, a actuación dos suxeitos deportivos, e especificamente das federacións deportivas, cobra especial relevancia, tanto pola súa prioritaria actuación na actividade deportiva galega como por exercer, ademais das atribucións que lle son propias, e vía delegación, determinadas funcións de carácter administrativo, caso, este último, en que actúan como axentes colaboradores da comunidade autónoma.

Esta realidade, unida á de seren perceptoras e xestoras de diñeiro público, e a que unha parte dos seus ingresos procede dos fondos públicos, sitúa as federacións deportivas nunha situación en que é prioritario alcanzar unha xestión o máis eficaz e transparente posible da súa activade.

Á vista desta realidade, e amparado na lexislación indicada, a Federación Galega de Atletismo actualiza dende o ano 2009 o presente documento, incorporando se fora preciso aquelas novas esixencias ou disposicións que permitan optimizar unha boa gobernanza, garantindo a máis eficaz e transparente xestión no desenvolvemento das súas funcións públicas e privadas.

O estrito cumprimento do Código de Bo Goberno, segundo as normativas e recomendacións establecidas, permite á Federación Galega de Atletismo aumentar a transparencia sobre a actuación e xestión económica, con independencia da súa procedencia, pública ou privada, así como como no seu funcionamento interno, controlando o comportamento ético dos membros dos seus órganos de goberno, directivos, empregados e colaboradores en xeral.

CREACIÓN DA LICENZA DE TRAIL RUNNING: Foi aprobado por parte da Asemblea Xeral Ordinaria da FGA o 29 de decembro de 2018. Por acordo establecido entre todas as Federacións Autonómicas e a RFEA as condicións de cobertura e custos son as mesmas en toda a xeografía española.

O Trail Running é unha especialidade deportiva do atletismo, que conta con recoñecemento expreso do Consello Superior de Deporte nos estatutos da RFEA (resolución do CSD o 26 de xullo de 2018), e da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, nos estatutos da FGA, estando incluída no Regulamento de Competición da World Athletics (WA).

Optimizar a organización interna da FGA 2

¿Como evolucionou a organización interna da FGA nestes últimos anos?

Hai unhas estruturas de funcionamento estables, como son os órganos de goberno e representación, que nos veñen impostas por lei, pero que tamén sofren, ás veces, cambios por parte da administración autonómica. Por exemplo a Asemblea Xeral e a súa Comisión Delegada.

Cada catro anos a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, establece a normativa do proceso electoral e as veces orixinan unha distribucións porcentuais dos estamentos distintas, o que obriga a todas as federacións deportivas galegas a facer cambios estatutarios.

Pero no resto de órganos complementarios de goberno (Xunta Directiva, Secretario Xeral e Tesoureira) e órganos de funcionamento, a organización interna da FGA se establece libremente, dentro dos límites que marcan os estatutos.

No meu caso, a nivel de órganos de funcionamento, mantiven con autonomía ao Comité Técnico, Comité Galego de Xuíces, Escola de Adestradores e Comité de Disciplina.

E no eido de estrutura territorial, repartimos os concellos galegos por Delegacións da FGA.

Baixo estes principios, se crearon as áreas de traballo: Secretaría Xeral, Área Deportiva, Área Económica. Comunicación, Estatística, Organización e Marketing. En función da evolución tecnolóxica, das "tendencias" deportivas sociais, ou de outras variables, os cambios poden afectar a estas áreas.



DOG

XUNTA DE GALICIA

DOG Núm. 249 | Mércores, 29 de decembro de 2021 | Páx. 64449

Escoitar

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

DECRETO 171/2021, do 23 de decembro, polo que se modifica o Decreto 16/2018, do 15 de febreiro, polo que se establecen as bases e os criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deben rexer a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas.



¿Crees necesario contar con mais delegacións da FGA?

Os estatutos en vigor indican ca FGA estrutúrase territorialmente en delegacións. Como presidente, tiven claro dende a primeira lexislatura que nunha comunidade como a galega, cunha poboación tan dispersa, tiñamos que facilitar a presencia federativa moi preto dos estamentos atléticos. Por elo, unha das primeiras medidas que sometín a Asemblea Xeral foi precisamente establecer o marco xurídico para poder crear novas delegacións. As condicións, inda vixentes, e que foron aprobadas, son:

- 1) Dispoñer dunha pista de atletismo homologada na comarca.
- 2) Dispoñer, alo menos, dun club de atletismo que conte cunha continua actividade deportiva, en especial coas categorías inferiores, durante os últimos 10 anos.
- 3) Dispoñer de, alo menos, 5 técnicos, (Monitores, Adestradores de Club y/o Adestradores Nacionais de Atletismo), censados oficialmente na FGA e cunha actividade constante nos últimos 5 anos.
- 4) Dispoñer dun mínimo de 10 xuíces de atletismo, con residencia habitual na comarca.
- 6) A Delegación máis próxima debe atoparse a unha distancia superior aos 80 kms.



Baixo estas condicións creouse a delegación do Barco de Valdeorras, da que estou moi satisfeito polos resultados acadados. Na actualidade contamos con 8 delegacións repartidas polas catro provincias galegas. Cada unha das mesmas lle corresponde un determinado número de concellos. Agás a provincia de Lugo, o resto teñen máis dunha delegación federativa.

Pero, coa inminente construción da pista na Mariña Luguesa, non seria desacertado crear nesas comarcas unha nova delegación federativa. Incluso en Moforte de Lemos, se a pista de atletismo municipal se homologara, tras as reformas previas necesarias.

¿Existe estrutura suficiente na actual FGA?

Na medida en que o número de federados vai aumentando e, como consecuencia dilo, é preciso incrementar a oferta de competicións atléticas en Galicia, debería ser reforzada paralelamente a estrutura federativa.

Hai que pensar que en cada unha das probas oficiais organizadas en Galicia é preciso desenvolver antes, durante e despois unha enorme actividade: técnica, estatística, orzamentaria, loxística, organizativa... etc.

Por outra banda as esixencias burocráticas das diferentes administracións públicas (Xunta, deputacións e concellos) cada día van aumentando, sen contar a multitude de xestións que hai que desenvolver cada semana.

En consecuencia, tendo en conta a evolución que está tendo o atletismo galego nos últimos anos, non hai que descartar que sexa reforzada a estrutura federativa, no suposto de que o número de licenzas siga aumentando e, consecuentemente, a actividade competitiva.

Independentemente dixo, todo o persoal da FGA desenvolveu as súas funcións de forma eficaz e cun gran compromiso, tanto nos departamentos económico, de secretaría xeral, administración, dirección técnica, comunicación, estatística e carreiras galegas. O mesmo digo das persoas que estiveron ao fronte das delegacións federativas.

FUNCIÓN PÚBLICA		SE PRECISA
Emitir licenzas deportivas	➡	Persoal administrativo Infraestrutura tecnolóxica Xuntanzas órganos de goberno
Organizar competicións oficias federadas	➡	Xuíces - Árbitros Persoal técnico Material de competición Persoal administrativo Infraestrutura tecnolóxica
Garantir normas de réxime electoral	➡	Persoal xurídico
Exercer a potestade disciplinaria	➡	Persoal xurídico
Configurar Seleccións Galegas	➡	Persoal técnico

As funcións que desenvolven todo o persoal da FGA, así como as propias dos diferentes delegados, foron complementadas por servizos externos contratados, como asesoría laboral, protección de datos, asesoría xurídica ou mesmo programación. Nese eido, sempre procurei contar con persoas cunha alta cualificación profesional e sentido da responsabilidade.

Estou moi satisfeito das aportacións feitas por todos eles. Algúns, como Rafael Alonso, responsable do servizo xurídico externo da FGA, recoñecido especialista en dereito deportivo, tamén é o Xuíz Único da FGA. Asemade, contamos con outro gran profesional como Ramón Santos, Delegado de Protección de Datos e Experto Universitario Esquema Nacional de Seguridade. En materia de programación informática, aparte das grandes aportacións que fixo Nacho Rego, se conta con outro gran especialista como é Ignacio Molinelli, programador informático.

Rafael Alonso
Asexor Xurídico FGM

Ramón Santos
Delegado Protección Datos FGM

Ignacio Molinelli
Programador informático

¿Cales son os momentos mais difíciles a nivel de traballo na FGA?

Agás o mes de agosto, que baixan moito as competicións, o resto do tempo hai unha intensa actividade laboral. Cada proba ten as súas características organizativas e, co paso dos anos, o persoal da FGA vaise especializando, tanto en tarefas burocráticas ou de campo.

O que si podo acreditar é que na miña etapa o nivel de esforzo do persoal federativo era máximo, independentemente da categoría da competición. Outra cuestión distinta son os medios dispoñibles que se poidan incorporar a cada proba, dependendo dos orzamentos específicos.

¿Consideras que a Asemblea Xeral é demasiado numerosa?

A composición da Asemblea Xeral responde ás normativas que publica a Xunta de Galicia e que son de obrigado cumprimento por parte de todas as federacións deportivas galegas. Nese sentido, o número de integrantes corresponde á aplicación estrita da legalidade.

Outra cuestión distinta, e acontece en case todas as federacións deportivas galegas, é o nivel de participación nas xuntanzas dos asembleístas. Se se tivera en conta esta variable, diría que a meirande parte das asembleas do deporte galego federado están hipertrofiadas en exceso.

Asemblea Xeral Ordinaria da FGA
Escola Galega de Administración Pública
Sábado, 26 de marzo de 2022
Federación Galega de Atletismo
XUNTA DE GALICIA
ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACION PUBLICA

Ampliar e mellorar as relacións institucionais 3

¿Que importancia deches ás relacións institucionais da FGA?

Durante as últimas lexislaturas intensifiquei os contactos con todos aqueles organismos públicos que teñen competencias en materia deportiva: Xunta de Galicia, deputacións provinciais, concellos e universidades galegas. O obxectivo xeral era chegar a acordos que beneficien ao atletismo galego, tendo en conta as características e singularidades de cada uno destes organismos, xa que o eido competencial é moi distinto en cada caso.

Por conseguinte, é moi importante para a FGA ter permanentemente contactos fluídos e permanentes con todas estas entidades. Foi o que procurei facer e, nese sentido, atópome moi satisfeito dos efectos que tivo.

¿Como foron as relacións da FGA coa Xunta de Galicia?

Coa Secretaría Xeral para o Deporte, que é o órgano que regula e dirixe en nome da Xunta de Galicia o deporte na nosa comunidade, temos moitos vínculos. O mais importante, é o que se deriva da aplicación do convenio que asinan anualmente con todas as federacións deportivas galegas. Iso xa nos obriga a executar todas as funcións públicas delegadas, complementadas cos nosas funcións propias, reflectidas nos estatutos.

Pero, aparte dixo, a FGA forma parte dun grupo de federacións que desenvolve o programa XOGADE (Xogos Galegos Deportivos en Idade Escolar) polo que temos que manter moitos contactos permanentes cos Servizos Provinciais para desenvolver os programas de Campo a Través e Pista.

Asemade eu formei parte, como presidente da FGA durante os últimos 16 anos, da Comisión de Avaliación dos Deportistas Galegos de Alto Nivel (DGAN), por elección do resto das federacións deportivas galegas, polo que iso me obrigou tamén a cumprir as responsabilidades desa representación.

Comisión galega de avaliación do alto nivel deportivo, do alto rendemento deportivo e do rendemento deportivo de base.

Asemade, intensificamos relacións con algunhas consellerías da Xunta de Galicia. Por exemplo, coa de Cultura, Educación e Universidade con motivo da celebración dos Día de las Letras Galegas (17 de maio) e a disputa da "Carreira Camiño das Letras" que chegou xa á oitava edición. E, por suposto, tamén mantemos unha relación moi estreita con todos os Xefes Provinciais de Deportes.

¿E no caso das deputacións provinciais?

Sucede algo parecido, pero noutro ámbito competencial distinto. Estes organismos, segundo a Lei do Deporte de Galicia, posúen amplas competencias no deporte. Aparte de fomentar, promover e difundir o deporte e colaborar cos municipios para garantir a prestación de actividades deportivas, entre outras, teñen partidas orzamentarias para colaborar cos municipios na construción de instalacións deportivas e no desenvolvemento da práctica deportiva.

Polo tanto, o seu rol no deporte galego tamén é moi importante. Para a FGA, tendo en conta o estado dalgunhas pistas de atletismo, a súa contribución nesta materia convertese en determinante.

Pero, ao marxe das xestións que fixen con estas entidades por temas de instalacións, a FGA ten convenios con todas elas. Por exemplo, coa Deputación da Coruña, acordamos o desenvolvendo dun Circuíto Provincial de Carreiras Populares e no último ano (2022) incorporamos tamén o Circuíto Provincial de Atletismo en Pista.

PONTES

Tamén a FGA, a través da súa delegación, organiza anualmente o Circuíto de Pista, patrocinado pola Deputación Provincial de Lugo, que xa alcanzou a oitava edición.

No caso da Deputación de Ourense, tamén se fai o Circuíto de Pista, mais sempre colaboran coa organización de todos os Campionatos de España celebrados na Pista Cuberta de Expourense.

Asemade, co patrocinio da Deputación de Pontevedra, se desenvolve cada ano a Escola Provincial de Atletismo.

OURENSE TERMAL
ATHLETICS MEETING 2021
PISTA DE ATLETISMO DO CAMPUS UNIVERSITARIO
SÁBADO 8 DE MAIO / 18:00H
www.ourensemeeting.es

OURENSE TERMAL
2019
PISTA DE ATLETISMO DO
CAMPUS UNIVERSITARIO

¿No caso das Universidades públicas galegas?

Na miña etapa de presidente mantivemos tamén unha fluída relacións coas tres universidades galegas Cada unha delas ten unha política deportiva diferente á do resto, pero con todas asinei un convenio de colaboración que se mantivo no tempo, a pesar dos cambios que teñen ao fronte das reitorías cada certo tempo.

Ademais, todas elas teñen en común que posúen pistas de atletismo, agás a de Vigo que posúe tres recintos atléticos: unha pista no Campus de Ourense, un módulo cuberto na Facultade de Ciencias da Educación Física e o Deporte en Pontevedra e outra pista de atletismo no campus universitario de Vigo.

Incluso unha das delegacións federativas (Compostela) atópase nas pistas da Universidade de Santiago (USC), froito do convenio que existe dende fai xa moitos anos coa FGA.

¿Como comezou a relación entre a FGA y a Escola Naval Militar de Marín?

A raíz dunha proposta que me fixo Manuel Teijeiro Valledor, sendo vicepresidente da FGA e anteriormente presidente do Club LUCUS CAIXA RURAL de Lugo, principiamos un encontro anual entre a Escola Naval Militar de Marín (ENMM) e un combinado galego dende o ano 2007.

Tendo en conta cas pistas da ENMM no están homologadas, os rexistros non eran oficiais e sempre foron as damas e cabaleiros, alumnos, quen facían as funcións de xuíces. Tratábase dunha xornada curta de non mais de 90 minutos na que se desenvolvía o programa de carreiras e concursos, como un complemento á materia de Educación Física desenvolta na escola.

Por parte da FGA, sempre procuramos facer un combinado de atletas ao nivel da potencialidade do equipo da ENMM para que na clasificación houbera alternancia nas vitorias. Algunhas veces gañaba o combinado galego e outras o equipo da armada. Pero iso non era o importante, senón a convivencia que xeraba o encontro e a posibilidade que tiñamos de coñecer por dentro unha institución docente do prestixio da ENMM.

Dende entón, intensificáronse moito as relacións entre ambas entidades, ata a actualidade. No ano 2008 a ENMM recibiu a insignia de ouro da FGA, nun solemne acto presidido polo Almirante Xefe de Persoal da Armada, acompañado polo Almirante Director de Ensino Naval, entre outros almirantes, directores xerais, Alcalde de Marín e diversas autoridades.

"Nun acto moi emotivo, tras o desfile de todas as damas e cabaleiros alumnos da ENMM, resaltei ante as autoridades da Armada a grande contribución e servicio prestado por parte da Escola Naval Militar de Marín ao atletismo galego durante os últimos 50 anos"

Esta foi a primeira vez, que a FGA concede esta distinción a unha institución non civil, acredora de tal recoñecemento pola súa traxectoria e vinculación deportiva ca sociedade galega.

"A Escola Naval foi pioneira en España da práctica do atletismo baixo teito e tivo unha gran influencia no fomento do atletismo galego a través dos históricos encontros entre a ENMM e os clubs galegos, nos que as súas instalacións convertíanse no centro neurálxico do galego durante os fins de semana"

Aparte dos membros da Xunta Directiva da FGA acudiron algúns personaxes históricos que desfrutaron das facilidades outorgadas pola Escola na súa práctica deportiva como Jesús Hermida, que foi Secretario de Estado para o Deporte; o olímpico maratoniano Carlos Pérez; Ramón Touza, presidente da SGP; ou o lanzador Mario Barreiro, entre outros.

O programa, en xeral, estaba integrado na categoría masculina polas carreiras de 100, 200, 400, 1500, 4x100 metros, campo a través (5 km), salto de altura e de lonxitude e lanzamento de peso. Na categoría feminina, ao haber poucas damas alumnas na ENMM, se disputaba unha carreira de 800 metros.

Á finalización das probas tiña lugar a entrega de premios individuais e por equipos. O encontro remataba cunha comida de confraternidade no Comedor de Alumnos.

¿Como foron as relacións coa RFEA?

Tivemos unha relación moi estreita coa Real Federación Española de Atletismo, como non pode ser de outra maneira. Como dixen anteriormente, baixo a miña presidencia a FGA organizou 16 Campionatos de España, algún deles moi importantes, como os desenvoltos na Pista Cuberta de Expourense. Esta circunstancia obriga a intensificar moito os contactos entre a RFEA e FGA.

Pero a nivel persoal teño moi boa sintonía co presidente da RFEA, Raúl Chapado. O feito de ter sido rivais electorais a nivel nacional, non debilitou o máis mínimo a nosa relación, nin persoal, nin institucional. Considero que está facendo unha magnífica xestión ao fronte da RFEA.

As boas relacións entre a FGA e RFEA se expanden tamén aos diferentes responsables dos departamentos atléticos.

“O feito de ter sido rivais electorais a nivel nacional, non debilitou o máis mínimo a nosa relación, nin persoal, nin institucional. Considero que está facendo unha magnífica xestión ao fronte da RFEA”

¿Cos municipios galegos?

Sempre tiven claro cos concellos xogan un papel moi relevante no deporte galego, independentemente que teñan ou non pistas de atletismo. Por sorte, os vínculos cos municipios non se establecen só a través das competicións de pista. O abanico é moi amplo. Por ilo procurei impulsar actividades de ruta, campo a través, trail runníng, escolas de atletismo...

Por suposto, tamén concienciando da necesidade de contar cunha infraestrutura atlética mínima, en especial cando xa tiñan un club ou varios consolidados.

Estou moi satisfeito, en xeral, das relacións que se estableceron entre a FGA e multitude de concellos galegos porque se acadaron moitos resultados: dende crear carreiras populares, homologar circuítos de ruta, organizar campionatos de Galicia, mesmo de España, impulsar escolas de atletismo, xerar novos clubs, crear infraestrutura atlética, etc.

I TROFEO INTERNACIONAL
NARÓN
Narón Padroado de Deporte
XUNTA DE GALICIA
Roberto Marín
Roberto Marín

XVII CARREIRA
PEDESTRE
POPULAR
CONCELLO DE AMES
CAMPIONATO DE GALICIA
10K EN RUTA

XXXVI
CAMPIONATO
DE GALICIA
DE ATLETISMO
PISTA CUBERTA
14.03.2021

NON
AOS PARQUES EÓLICOS
CAÍÑO E BRANCELLAO
CURTIS - TEIXEIRO 11K
CARREIRA E ANDAINA
SOLIDARIA

10k
CARBALLO
5
XUÑO

NEGREIRA

17
MAIO
2018
15 KM
V CARREIRA
CAMIÑO
DAS
LETRAS
Diario

MANUEL ANTELO PAZOS
ISIDORO HORNILLOS

Trofeos Grupo

XXXIII
Campionato de Galicia
Máster

AMBULANCIA
644
825

Coca-Cola
Deputación DA CORUÑA
981 595 432

Campeonato ESPAÑA marcha
6 DICIEMBRE 2015

¿E cos medios de comunicación?

Procurei sempre atendelos o mellor posible, cando o precisaban, poñéndome a súa disposición. O seu papel é determinante para proxectar as actividades e resultados e, consecuentemente, para divulgar o atletismo.

Algúns medios tamén teñen carencias de persoal e hai que facilitar a súa labor informativa. Como sabes, dende fai xa moitos anos colaboro coa Voz de Galicia con artigos de opinión, pero cando outro medio pediume algunha aportación, escrita, radiofónica ou televisiva, sempre a fixen.

Por sorte, en Galicia contamos con excelentes profesionais ou colaboradores que coñecen profundamente o atletismo galego e nos manteñen informados.

Un deles é Carlos Tuñas (DxT e Radio Marca) que, aparte de ser integrante do Comité Técnico como responsable de velocidade e un adestrador con magníficos resultados, xa que logrou 76 medallas en Campionatos de España, aborda tamén temas escabrosos en defensa do interese do atletismo galego.

BOAR

¿Algunha entidade mais, aparte das administracións públicas?

En efecto, tamén mantivemos relacións co Colexio Oficial de Fisioterapeutas de Galicia. Lamentablemente, un dos grandes defensores dese colectivo e pioneiro da fisioterapia en Galicia, José Luis Aristín, e que ademais foi o seu fundador e primeiro presidente, finou fai poucos meses. Pero colaboraba moito coa FGA, en especial no Gran Premio Internacional de Marcha Atlética Cantones de A Coruña. Persoalmente estoulle moi agradecido e sentín moito o seu falecemento..

Asemade coa Asociación Galega de Xestores Deportivos (AGAXEDE), cuxo presidente, Eduardo Blanco, compañeiro e amigo da facultade e que foi Director do Servizo Municipal de Deportes da Coruña e Director Xeral de Deportes do Consello Superior de Deportes. De feito a FGA tamén de AGAXEDE,. Pola miña parte, formei parte da súa Xunta Directiva cando eu presidía a Unión de Federacións Deportivas Galegas (UFEDEGA). Pero, con independencia dixo, á FGA colabora con algunhas das actividades que anualmente organiza AGAXEDE, como por exemplo A Carreira Alternativa.

Por suposto, tamén mantemos moi boa sintonía co resto de federacións deportivas galegas.

Intentouse alimentar un conflito, unilateralmente, entre a FGA e a Federación Galega de Montañismo polas carreiras. Nada mais lonxe da realidade. Hai espazo para todos, dentro das competencias que en materia estatutaria corresponden a cada federación, ditadas pola Xunta de Galicia. A FGA organiza o Trail Running e a FGM as Carreiras por Montaña. Polo tanto, o campo xurídico deportivo está perfectamente debuxado.

Na parte final da miña etapa de presidente asinei un convenio coa Federación Galega de Fútbol que busca crear sinerxías entre ambas as institucións, impulsando xornadas atléticas entre os árbitros, o seu adscrición ao colectivo da FGA e a súa participación nos seus clubs a modo de filial.

Así mesmo, as dúas entidades cederanse mutuamente as súas instalacións na medida do posible e intercambiarán coñecemento. A FGA tamén traballará para impartir formación técnica aos preparadores físicos da FGF, ademais da posibilidade de formar os seus xuíces e integrar aos atletas no estamento arbitral. Ademais, este convenio de colaboración creará a Olimpíada Arbitral Galega, na que cada delegación de árbitros creará a súa propia selección de atletismo e participará nunha xornada de competición e irmandamento. Doutra banda, os árbitros que se federen en atletismo defenderán as cores do seu club filial en calquera competición atlética.

#eusonciclista
GALICIA SAUDABLE
galicia o bo camiño
BTT galicia
FEDERACIÓN GALEGA DE CICLISMO
anova forest & garden products
AMURA
DEPUTACIÓN OURENSE
DEPUTACIÓN DE LUGO
DEPORTE GALEGO

¿Como xorden as relacións coa Federación Cubana de Atletismo?

En primeiro lugar, debo recordar que cando na Coruña se facía o Criterium Internacional de Lanzamentos, dirixido por Raimundo Fernández, viñan con frecuencia delegacións cubanas a participar e, dende entón, mantense contactos entre a Escola de Lanzadores da Coruña e adestradores de Cuba.

En segundo lugar, o INDER (Instituto Nacional do Deporte, Educación Física e Recreación), que posúe rango de ministerio, invitoume a impartir unha conferencia sobre capacidade acelerativa no deporte a raíz da organización dun Congreso Internacional (2017). Puiden coñecer en persoa a algúns dos ídolos do atletismo cubano (Javier Sotomaior, Alberto Juantorena, Ana Fidelia Quirot...).

Dous anos máis tarde, aproveitando un viaxe privado que fixemos Raimundo Fernández e eu a La Habana, mantivemos varias entrevistas. Unha delas foi con Alberto Juantorena, presidente da Federación Cubana, e diversos contactos con técnicos e atletas.

A raíz desas conversas estiveron adestrando durante un mes nas pistas e módulo da Facultade de Ciencias do Deporte e a EF (Oleiros), Yaimé Pérez e Denia Caballero, acompañadas polo seus adestradores. Foron primeira e segunda no lanzamento de disco no Mundial de Doha (2019). Todo un éxito. Elas quedaron encantadas do seu paso por Galicia e do trato recibido.

Mais tarde outra atleta cubana, Yulenmis Aguilar, que posúe o récord do mundo Sub20 de lanzamento de xavelina con 63,86 metros (2015) tivo interese en adestrar as ordes de Raimundo Fernández, tras un período moi largo de estar lesionada e a punto de deixar o atletismo.

Podo testemuñar, xa que estiven presenciando a evolución dende que chegou a España ata a actualidade, que non soamente sufriu unha profunda transformación anatómica, superando ademais unha lesión moi larga, senón que acadou o seu mellor nivel de rendemento de toda a súa historia, situándose con 64,17 metros como sexta mellor marca do mundo na tempada 2022.

Alegreime moito por ela e por Ray, que demostrou a súa gran experiencia e alta cualificación técnica. Realmente, non era nada sinxelo o desafío ao que enfrontouse, tal e como lle dixen en varias ocasións.

Yulenmis, xa formou parte da Selección Galega e coido e desexo que nos próximos meses poida conseguir a nacionalización española.

DEPORTES

Juantorena, una leyenda presente en A Coruña

LA VOZ
A CORUÑA / EFE

alberto Juantorena ANGEL MANSO

El exatleta olímpico relató las experiencias de su carrera deportiva en una charla organizada por la Federación Galega de Atletismo y la Diputación de A Coruña

12 jun 2019 . Actualizado a las 11:23 h.

Comentar - 0

El exatleta olímpico Alberto Juantorena relató este martes en una charla organizada por la Federación Galega de Atletismo y la Diputación de A Coruña las experiencias de su carrera deportiva y la conquista de las dos medallas de oro en los Juegos Olímpicos de Montreal 1978. Juantorena indicó que representar a Cuba «es muy especial» y agradeció el apoyo que le dio su país.

Optimizar o control económico

4

Cal é a situación orzamentaria da FGA?

Saneada en todos os sentidos. Dende fai anos, á FGA impulsa cada ano unha auditoría oficial para coñecer o resultado do exercicio económico e estado xeral das contas. Incluso na algunha ocasión, por exemplo no ano 2017, fixéronse dúas auditorías, unha delas da Xunta de Galicia, con resultado idéntico e positivo nos que se acredita que "as presentes contas anuais foron obtidas a partir dos rexistros contables da Federación Galega de Atletismo e se presentan de acordo co marco normativo de información financieira que lle resulta de aplicación e de forma que amosan a imaxe fiel do patrimonio, da situación financieira e dos resultados da Federación". Tendo en conta a duración de cada tempada, os resultados da auditoría eran coñecidos a finais do ano. Pero, de cara á toma de decisións é importante coñecer estes datos cada mes.

Aparte dos órganos de control, como son o Secretario Xeral, Tesoureira, Asemblea Xeral, Comisión Delegada, Auditorías Externas ou Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, todos eles recollidos no Manual de Procedemento e Bo Goberno, a FGA, en aras dunha maior responsabilidade, eficacia na xestión federativa e transparencia, incorpora o Comité de Auditoría e Control da FGA coa finalidade expresa de avaliar o sistema de organización e a aplicación do Manual e Bo Goberno. A composición do Comité de Auditoría e Control da FGA está integrada por un representante da Comisión Delegada; outro da Xunta Directiva; outro da Asemblea Xeral e a Tesoureira da FGA.

Mellorar a comunicación da FGA 5

¿Os avances tecnolóxicos, influíron na comunicación da FGA?

Por suposto e por elo houbo cambios moi relevantes. Dende que asumín o cargo de presidente da FGA fun consciente de que os avances da tecnoloxía da información e comunicación provocan cambios profundos nas nosas vidas, xerando novos hábitos e tamén estilos de vida distintos. A FGA non podía ser insensible a esa realidade e na medida das nosas posibilidades procurei incorporalos para mellorar a nosa comunicación cos estamentos atléticos e sociedade en xeral.

Por sorte, os avances máis recentes, como os satélites e Internet, optimizan as comunicacións en todo o mundo de forma que se poden coñecer as novas practicamente en tempo real, como acontece co Streaming ou ben resultados en directo colgados na páxina web, aparte das redes sociais.

¿Que lembranzas tes de Citius, Altius, Fortius TVG2

Unha das miñas primeiras preocupacións cando asumín a presidencia da FGA foi constatar que as repercusión dos resultados deportivos dos atletas e clubs galegos tiñan moi pouca presenza nos medios informativos galegos. Fixen diversas xestións para reverter esa situación e a conclusión que saquei foi que debería ser a propia FGA quen dera un paso cara adiante e fixera unha produción propia dun programa de TV de baixo custo.

Falei coa dirección da TVG e acordamos que a FGA tería 30 minutos semanais para emitir contidos no segundo canle (TVG2). Así naceu "Citius Altius Fortius". En concreto, saliu a antena o 11 de abril de 2011 ata finais de 2017.

Estivemos en antena case sete tempadas e chegamos a emitir mais de 300 programas, feitos con moito esforzo, humildade e ilusión, pero que permitiu que a sociedade galega coñecera mellor o traballo e resultados dos nosos atletas e clubs, adestradores e xuíces.

"Estivemos en antena case sete tempadas e chegamos a emitir máis de 300 programas, feitos con moito esforzo, humildade e ilusión, pero que permitiu que a sociedade galega coñecera mellor o traballo e resultados dos nosos atletas, clubs, adestradores e xuíces".

O programa o dirixía eu mesmo o debo agradecer a gran implicación que tivo todo o persoal da FGA, máis dous amigos que colaboraban como son Benito e Santi. A presentadora era Yolanda González, tesoureira da FGA, alternando con Carlos Catro ou, en ocasións, Claudio Hornillos. Cada semana se achegaba un técnico, Bernabé, dende Pontevedra para deixar lista á entrega a TVG. Foi unha gran experiencia e penso que moi beneficioso para o atletismo galego.

CITIUS ALTIUS FORTIUS

VINDEIRAS EMISIÓNS DE CITIUS, ALTIUS, FORTIUS

tvG 2	TVG2	Sabado 18/02/2012	04.45 h.	Programa 40
TELEVISIÓN DE GALICIA	Galicia TV Europa: Galicia	Domingo 19/02/2012	19:30 h.	Programa 40
TELEVISIÓN DE GALICIA	Galicia TV Europa:Portugal	Domingo 19/02/2012	18:00 h.	Programa 40
TELEVISIÓN DE GALICIA	Galicia TV Europa: GMT	Domingo 19/02/2012	17:30 h.	Programa 40
LOCALIA CORUÑA	Localia TV Coruña. Emisión para toda Galicia com R. O sin R, solo para la zona de A Coruña.	Xoves, 16/02/2012	21:00 h.	Programa 40
TELEVISIÓN DE GALICIA	Galicia TV América:Galicia	Sábado, 18/02/2012	16.30 h	Programa 40
TELEVISIÓN DE GALICIA	Galicia TV América: GMT	Sábado, 18/02/2012	11.45 h	Programa 40
TELEVISIÓN DE GALICIA	Galicia TV América: Argentina	Sábado, 18/02/2012	11.30 h	Programa 40
TELEVISIÓN DE GALICIA	Galicia TV América: Brasil	Sábado, 18/02/2012	11.30 h	Programa 40
TELEVISIÓN DE GALICIA	Galicia TV América: México	Sábado, 18/02/2012	9.30 h.	Programa 40
tvG 2	TVG2	Domingo 19/02/2012	12:008 h.	Programa 41
LOCALIA CORUÑA	Localia TV Coruña. Emisión para toda Galicia com R. O sin R, solo para la zona de A Coruña.	Domingo 19/02/2012	15.38 h.	Programa 40

EL MUNDO ESPAÑA OPINIÓN ECONOMÍA INTERNACIONAL DEPORTES CULTURA LOC MENÚ

Televisión | Medios | Guía TV | Momentvs | Series | Eurovisión | Benidorm Fest

Citius, Altius, Fortius

Parrilla completa

Atletismo | 30 min | Todos los públicos (TP)

Título: Citius, Altius, Fortius

Título original: Citius, Altius, Fortius

País: España

Año: 2011

Duración: 30 min

SINOPSIS

Programa producido por la Federación Galega de Atletismo.

PRÓXIMOS PASES

tvG2
02 Febrero - 20:25

tvG2
03 Febrero - 14:25

Guía TV

17:30h

17:25	Poldark
17:20	El viaje de los pelícanos
17:30	Pecado original
17:00	Todo es mentira bis
17:00	Sálvame naranja
17:15	Más vale tarde
17:00	Maestros de la restauración

Después

18:25	El comodín de La 1
18:05	Bahía, el legado africano
18:30	Tierra amarga
18:00	Cuatro al día
19:00	25 palabras
20:00	laSexta Noticias
18:00	Mi casa en un árbol

Guía completa de 153 canales

Películas hoy en TV | Series hoy en TV | Deportes hoy en TV

Guía elaborada por mediadata tv

¿Que outras melloras houbo en comunicación?

Unha profunda dinamización e moita actividade referida a publicacións nas RRSS; envío de notas de prensa; publicación de carteis oficiais de competición, normativas... Etc. Por exemplo, estes son datos referidos ao ano 2022:

- Mais de 2.000 publicación en Facebook.
- 210 publicacións na páxina WEB atletismo. gal.
- 96 notas de prensa remitidas aos medios de comunicación galegos.
- 62 publicación na páxina WEB carreirasgalegas.cor

Hai un pro medio mensual de interaccións nas RRSS de 21.627 (só en Facebook), cun alcance das publicacións de 35.858.

Nese proceso de modernización do departamento de comunicación está facendo unha gran labor Claudio Hornillos, que tamén complementa coa locución de Campionatos de Galicia por Streaming.

Tamén incorporamos un Buzón de Suxestións na páxina oficial da FGA para facilitar as propostas ou queixas de calquera persoas interesada en utilizalo.



Pero, a pesares do esforzo feito dende a FGA nas redes sociais de comunicación ou correos remitidos aos estamentos, non sempre chega esa información a toda a familia do atletismo galego. Por elo, para transmitir xustificacións a algunhas medidas ou decisións tomadas creamos, dentro do Plan Estratéxico, o denominado Foro do Atletismo Galego, aberto a todos os estamentos para debater sobre o atletismo galego. A sede foi itinerante. Calquera podía falar, preguntar e propoñer as cuestións que se desexen.



¿O esforzo que se fixo para crear atletismo.gal e Carreiras Galegas foi rendible?

Sen dúbida. Se fixo unha inversión, pero o retorno que tiveron esas páxinas o xustifica con creces. Persoalmente estou moi contento coas súas prestacións. O número de visitas é moi importante, en especial cando hai competicións, nas dúas páxinas e tamén na de Facebook. Pero estas páxinas hainas que alimentar cada día con contidos e calquera pode comprobar que están actualizadas permanentemente.







¿Estás satisfeito coas retransmisións da FGA en Streaming?

Sempre digo en ton humorístico que o Streaming da FGA é a versión moderna do Citius, Altius, Fortius. Fixemos unha aposta decidida, a raíz das limitacións que nos impuxo a COVID.

Nacho Rego axudou moito e fixo unha gran labor profesional para enlazar a información das bases de datos coas terminais, polo que pódense ofrecer os nomes dos atletas como os resultados, tanto nas pantallas de pista como no streaming. Os resultados son moi esperanzadores, tendo en conta que a inversión que se fai é de baixo custo. Por conseguinte, estou moi satisfeito desta nova aportación no atletismo galego.

Pero recoñezo que cando queremos un acabado moito mais profesional, debemos contratar empresas de streaming que teñan moitos máis medios tecnolóxicos, cun software más potente e completo. Por exemplo, na retransmisión do Gran Premio Internacional Cantones da Coruña, inda que a locución corresponde ao persoal da FGA. Nesa proba, por exemplo a última edición de ano 2022 se levan máis de 21.200 visualización (Youtube).





CAFETERIA
RESTAURANTE
OURENSE TERMAL
09:57
msi

CAMPIONATO DE GALICIA ABSOLUTO E S23 DE ATLETISMO PISTA CUBERTA TARDE
Copiar enlace
YouTube

Difundir a historia do atletismo galego

6

Desde sempre che gustou a historia. Crees que sabemos xa suficiente do pasado do atletismo galego?

